

ESPECIAL LETRAS GALEGAS 2015

Artigos de opinión sobre Figueira Valverde e as Letras dos noso colaboradores:

Inma Otero Varela e Baldomero Iglesias Dobarrio. **Páxina 2**
Xermán Manoel Torres. **Páxina 3**
Xoán Bernárdez Vilar. **Páxina 4**
Uxío-Breogán Diéguez e X. M. Rivas. **Páxina 5**
Nemésio Barxa e Xoán Antón Pérez-Lema. **Páxina 6**

Francisco Castro presenta na Casa de Galicia en Madrid a súa última novela, "Tes ata as 10"

O escritor e editor vigués construíu unha trama de intriga e suspense que contén moitas historias. **Páxina 8**


Os Bolechas van a Mos polo Camiño de Santiago

Os Bolechas presentarán o seu libro Os Bolechas van a Mos o vindeiro domingo, 19 de abril, ás 18.00 horas na Carballeira de Santiaguíño **Páxina 18**

Os cen números da Trabe d' Ouro, da editorial Sotelo Blanco

O Consello de Redacción da revista A Trabe de Ouro propúxose realizar unha xira de presentacións por todo o País

Páxina 18



■ Caricatura de Filgueira por Castelao. Tipografía sacada do Exlibris Filgueira Valverde, de Castelao. Composición final por Pepe Carreiro

Opinión

Por: Inma Otero Varela

Debe ser difícil escoller a quen dedicarlle o Día das Letras. Polo propio procedemento e polo criterio persoal que sustenta a votación de cada un dos membros. As pautas que adoito se manexan parecen situarse entre a conveniencia de aproveitar a data para rescatar autores pouco coñecidos e a conveniencia da mobilización cultural. No medio figuran, entre outros, factores que teñen que ver coas concesións a causas concretas, nas que importa tanto ou máis o premio simbólico a un sector que o galardón á persoa. Ata aquí o esperable. O que acontece en todos os eventos deste tipo, incluídas as polémicas habituais entre os que apoian unha opción ou outra. Pero unha análise máis detallada dos discursos públicos que valoran os autores escollidos desvela, en cada un dos momen-

tos históricos, a que se lle quere dar categoría de canon e que se reserva para as marxes, malia que algunhas merezan puntualmente a prebenda do premio. As cotas afectan a diferentes grupos, non so ás mulleres. Pero incluso entre as minorías semella haber clases. Desde o primeiro Día das Letras en 1963 só houbo tres mulleres homenaxeadas. Rosalía, que inaugura as conmemoracións por cadrar a data cos cen anos da publicación de Cantares Gallegos e polo seu valor fundacional; Francisca Herrero Garrido en 1987 e María Mariño en 2007. A lectura evidente destes datos, que en 52 anos só se considerasen tres autoras, é rechamante. Non valerían excusas téticas

como a de que non hai moitas escritoras relevantes que leven dez anos mortas. Hainas, e algunhas son candidatas desde hai un tempo. Por outra banda, a “relevancia” non parece un criterio significativo á hora de aplicalo a homes. Como dicía antes, cando o agasallado non é moi coñecido esgrímese como unha das causas da elección. Tampouco é necesario facer un grande esforzo imaxinativo para atopar aspirantes. Estase a recuperar a memoria de moitas autoras tan meritorias para dedicarlle o Día das Letras como moitos dos festexados en máis de medio século. Só hai que botar un ollo, por citar un exemplo ben visible, ao Álbum de mulleres que se in-

clúe no portal do Consello da Cultura Galega. Aínda hai máis. Nos casos de Francisca Herrero e María Mariño, algún dos ruxerruxe que corren soterrados en cada escolla sinalaba o criterio da cota feminina, máis que o da valía. Como se esa pobre porcentaxe merecese algún tipo de alcume en prol da igualdade, e como se non houbese autores do Día das Letras cunha produción bastante máis escasa. A Francisca Herrera sumóuselle un estigma máis: o da convivencia co franquismo e a súa ideoloxía ultraconservadora, mesmo no referente á consideración da muller. Nisto si que se lle dou un trato equiparable ao de calquera outro home, mais non sei se as defensas

do seu talento e as xustificacións da elección foron tan afoutas como noutros casos. En 2011 sae á luz o manifesto “O xogo das cadeiras” no que se demanda unha maior presenza de mulleres na Real Academia Galega. Despois dun certo eco mediático e de que se levase a cuestión mesmo ao Parlamento galego, só ingresou unha muller, Fina Casalderrey. Probablemente ten bastante que ver. Se non se lle fai caso ás vivas, máis fácil resulta desoír as mortas. Inclusive nun ano de polémicas no que, de terse escollido a unha autora como Xela Arias, habíase enfatizar que fora unha solución de consenso; a alternativa do bálsamo, ou para os que o prefiran, o efecto epidural



Mulleres, cotas e Día das Letras Galegas

Lingua e xustiza?

Que pasa coas leis que non funcionan e non perseguen a quen defrauda, que non penalizan aos verdugos e que deixan ás vítimas, con cara de ignorados, desafiados e esquecidos, ceibando nos sufridores esta vergoña e vinganza. Que pasa coas leis que non collen aos que delinquen? Que pasa coa xustiza que se deixa manipular polos mesmos transgresores, ou –e non é menor vulneración– por politizar decisións de contabilidade en B, de pagos en diferido, prevaricacións, dedos que colocan amigos, silencios oportunísimos, estafadores en hipotecas, tratados trasatlánticos de libre comercio que nos leven á total perdición, negación de datos e probas sen rastro algún de mínima transparencia e con cumprida arrogancia e descaro. Que pasa coas leis que non poñen orde nin meten no cárcere a tantos que decretan conta o pobo que lles consente, ou que nos negan futuro? Onde as leis que non escaementan aos que nos roubaron e foron a paraísos fiscais levando o que ilícitamente agacharon e gozan?. Onde os xuíces que impidan tanta xente pedindo pan, tanta xente sen fogar, desamparo legal, perda dunha sociedade que nos considere? Onde a Lei que deba protexernos de tanto crápula? Por que hai distintas varas de medir, con delinquentes –en presunción de inocencia ou cos delitos prescritos na deixades de recursos– que están na rúa, mentres, algúns sen delito, habitan presunción de culpa e están pagando xa na cadea? Sabémolo todos, é evidente. Hai trato diferente segundo para quen vaia aplicada a “mesma” lei. Que pasa, logo, coas leis e cos leguleiros? Que pasa cos dereitos humanos, hai organismos internacionais que reclaman ao goberno que se fagan cumprir as leis en efectivo, pois vulneran tratados internacionais que non asumen? Leis de amparo interno, a da Memoria Histórica, de acollemento e sanidade, de protección e educación, de respecto á democracia e á cidadanía (a nova lei conculca os nosos dereitos

básicos), leis de asilo sen devolucións en quente, sen pelotas de “goma”, xuíces demonizados por contrariar a políticos, ...e agora, que pasa coa Nosa Lingua? Onde a decencia para defender a Lingua menos normalizada, a máis minorizada e oprimida, fronte a outras que non teñen problema? Onde está a Lei que amparase a nosa Lingua sen agravios comparativos, senón en positivo? Quen a fixo desaparecer sen pagar responsabilidades? Onde van os profesionais da xustiza e expertos con independencia, que procuren amparo aos nosos sentimentos? Onde os informes que castiguen a quen tanto dano fixeron e aos corifeos do mal, que consentiron ou calaron, cómplices da dor que nos embarga? Onde o Tribunal, que deba velar pola Lingua menos favorecida? Quizais sumidos nas decisións que agriden á Nosa Cultura, en tan funestos decretos como o que dá os resultados do IGE. A xustiza faise vinganza, rancio acontecer dos desnaturalizados, desarraigados da orixe e da terra que lles dá vida. Quen poñerá en solfa a política lingüística nun tema que non é, nin foi nin será político? Non se pode consentir, non é normal permitir tal retroceso. Haberá que ir, como sempre, buscar Xustiza fóra. Nin o Estado Español nin as “seudoautonomías” tiveron sensibilidade para un tema tan íntimo. Está sendo unha provocación que, ao final, co tempo se paga! Algúns non esqueceremos, sabermos quen foron e as súas responsabilidades, para botarllas sempre en cara. Haberá, unha outra vez, que acudir a voces expertas e profesionais, con tradición democrática, para buscar os posibles legais que acollan as nosas ansias. É urxente tomar as medidas necesarias, pero xa, agora mesmo. E recuperar os dereitos básicos, voz e democracia que nos fanaron!.

Se vai mal a educación, ...vai mal todo!

Preocúpame moito o problema educativo de Galicia. Por estarmos rexidos e orientados por “políticos” que miran recortar orzamentos e quedar ben diante da opinión pública gastando menos e cuantificando todo, como se fose a premisa maior a do diñeiro. Abaratando custos que anulan iniciativas dos mellores profesionais, comprometidos coa mellora dese ensino e inculcándo pousos ideolóxicos intragables. Fan depender un acto sublime –como o da educación– de bastardos intereses de autocomprancia tendenciosa e vergoñenta. O acto de aprender pasa por riba deses intereses espurios, desas lateralidades de esquerdas e dereitas que nada teñen que ver coa Cultura nin coas cousas serias. O primeiro que se necesita é vontade, esquecer calquera outra razón que non sexa a de gratificarse para poder aprender a aprender, incansablemente. Ademais de pais e nais, teñen que se escoitar sectores que saben o que significa este longo proceso, coa simplificación de obrigatorios obxectivos –sobre todo no ensino básico– de dúbida efectiva e que leven a un ritmo cordial de entendemento. Abondar no coñecemento emocional e sentimental, na formación social desde cada quen. Ademais de contidos, cómpre saber dimensionar, secuenciar e establecer o que é fundamental para formar persoas integradas socialmente, sabedoras e felices, conscientes e libres, desexosas mesmo para criticar e para explorar no impredecible e inimaxinable, capaces de superar todas as frustracións desde o amor ao propio, á vida, que é tan complexa e está tan chea de problemas que teñen que ser capaces de supe-

rar. Sentirse felices, dixer, e isto é moi importante, observadores e protagonistas do seu entorno físico e social, para sentirse satisfeitos, útiles para a sociedade na que –e isto deba ser así– despois traballen e levanten. Ofrecer medios é sementar futuro, e é moi difícil desde tanta desintegración social como temos. Non podemos, por exemplo, educar para a Paz no medio de tanta violencia, guerras cotiás, películas sanguinarias, rúas cheas de policía “en prevengan”, liortas dos partidos, discórdias e enfrontamentos veciñais, verbais e de agresión directa que en calquera sitio vemos co sistemático desprezo polo sistema público, coas descualificacións e cheiros dos sumidoiros dos poderes, puñaladas á suposta democracia, mentiras, falta de esperanza, afrontas continuas, feridas con discursos de xenreira á vella usanza, con medios de comunicación facendo titulares de parvadas e de toda canta parvada hai ou poden inventar, vergonza propia e allea. O mesmo Parlamento é, por veces, un lugar de malaeducación e malas praxes. Os gobernantes están luxados de todo aquilo que na escola se di que non se debe facer. Vulneran o acto sublime, repito, de transmitir coñecementos e hábitos de traballo e esforzo, reflexión, condutas e actitudes de respecto, conciliación e entendemento. Con eles, o alumnado, aprende insultos novos, manobras, ruindades. E funcionan! De maiores queren ser coma eles, narcos e poderosos mafiosos, para trunfar niso de ter, de posuír, de consumir; no canto daquilo que ten que ver co outro verbo, o que se traballa desde o ensino, ...o verbo ser! Algún día, quizais, alguén acorde un sistema dinamizador da formación humana e do ensino público? Ou seguiremos á cola agardando solucións só políticas, sen un pacto social e un consenso pola educación?



Baldomero Iglesias Dobarrío

Mero

Xosé Filgueira Valverde, paixón polas letras

-síntese biográfica-

Por Xermán Manoel Torres

Xosé Fernando Filgueira Valverde naceu en Pontevedra o 28 de outubro de 1906, no seo dunha familia acomodada. O seu pai, Xosé María Filgueira Martínez (1871-1938), médico de gran prestixio e moi querido na cidade do Teucro. A súa nai, M^a Araceli Valverde Yaquero (1870-1946), procedente da provincia de Granada, fora relixiosa das Fillas da Caridade, prestando os seus servizos no Hospital Provincial de Pontevedra, onde posiblemente se coñeceron. Casaron en Madrid en 1903. Filgueira Valverde foi un neno moi coidado, moi estimulado. El foi un perfecto receptor de todas as benéficas influencias e posibilidades que se lle brindaban. Sería un neno precoz, moi gustoso dos libros, segundo el mesmo manifestaba, a partir dos cinco anos manexaba a Biblia e o Quixote. O seu apreciado padriño, o Dr. Enrique López de la Ballina, compañeiro e íntimo do seu pai, facilitáballe as lecturas e a súa afección pola Historia. A súa madriña, Josefa Jalón Rey, viúva de González Besada, grande político e intelectual, tamén miraba moito polo meniño. Recibiu, desde moi novo, a benéfica influencia dos franciscanos e dos xesuítas exclaustrados de Portugal, que lle ensinaron un método de lectura veloz e o pai Antúnez lle facilitou o seu primeiro Camoëns. No instituto de Pontevedra (1917-1922), fixo uns brillan-



■ Iglesia da Peregrina. Pontevedra.

tes estudos de segundo ensino e tivo por mestres queridos e admirados a Antón Losada Diéguez (promotor da xeración Nós e de tantas iniciativas positivas para Galicia) e a Castelao, o grande artista galeguista, a quen lle dedicaría o seu IV Adral. Filgueira foi un extraordinario estudante universitario (1922-1928), premio extraordinario da Licenciatura de Dereito, que cursou na universidade de Santiago de Compostela, cidade que amaba especialmente, compaxinou por libre os estudos da Licenciatura de Historia na universidade de Zaragoza. Coincidindo con esa etapa

universitaria é co fundador do Seminario de Estudos Galegos (12/10/1923), institución cultural e científica insuperable na nosa historia galega. En 1935 (ano clave na biografía filgueiriana), obtivo o doutorado coa súa tese sobre a cantiga CIII de Afonso X, o Sabio, que trata da lenda do monxe e do paxariño. Neste mesmo ano aproba as súas oposicións a cátedras de instituto na especialidade de "Lengua y Literatura española", conseguiu o número 2, dentro dun grupo de excepcionais opositores. Desa época é

a súa escisión do Partido Galeguista que axudara a poñer en marcha, fundando a Dereita Galeguista, que apoiou e votou si polo Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936. Nese ano prodúcese unha inflexión na historia de España, todo cambia. Filgueira dedícase a facer un gran labor no Instituto e no Museo de Pontevedra. Non foi o típico intelectual pechado na súa torre de marfil e segue

a participar en política. Alcalde de Pontevedra (1959-1968), Primeiro Conselleiro de Cultura (1982-1983) da estreada Autonomía de Galicia. Ao final da súa vida preside o Consello da Cultura Galega (1990-1996). Foi un home moi recoñecido e premiado. Finou na capital pontevedresa o 13 de setembro de 1996. Autor dunha importante obra literaria e erudita, relato: Os Nenos, O Vigairo, Quintana Viva; teatro: Agromar (1936); ensaio: Adral (1979-1996); poesía: 6 cancións de mar in modo antigo. Entre os temas preferidos de erudición: As cantigas medievais, Camoëns, frei Martín Sarmiento. É imposible nestas liñas abarcar toda a fructífera vida e obra de Filgueira Valverde. Foi un home que gozou e amou a lectura e a escritura; e o seu traballo tiña un fin: dar a coñecer e soerguer a súa amada Galicia.



■ Casa familiar da rúa Arcebispo Malvar de Pontevedra.



■ Filgueira Valverde na derradeira conferencia súa en Vilagarcía de Arousa en novembro de 1994. (Foto Raúl)

Opinión

Por: Xoán Bernárdez Vilar

As palabras que preceden, escritas hai máis de dous mil setecentos anos, son, nin más, nin menos, as por Homero utilizadas para dar comezo á Odisa. E traémolas agora aquí polo motivo que máis adiante indicaremos. Porque, aínda que non o poida parecer, o presente comentario pretende ocuparse de algo no que estamos todos envoltos estes días.

Foi no ano 1863 cando na Imprenta de Juan Compañel Viñas (1829-1897), sita na Rúa Real de Vigo, se publicou "Cantares Gallegos", a destacada obra de Rosalía de Castro de Murguía (1837-1885). Como a data máis aproximada ao acontecemento coa que se contaba era a do 17 de maio, que foi cando a autora lle dedicou un exemplar da mesma a "Fernán Caballero", pseudónimo da tamén escritora Cecilia Böhl de Faber y Larrea (1796-1877), sería esta a que se tomou como a súa publicación.

Así mesmo, cando estaba a piques de se cumprir o centenario deste feito, e a proposta do Académico Francisco Fernández del Riego (1913-2010), a Real Academia Galega, decidiu elixir o 17 de maio de cada ano como o máis representativo das nosas letras, polo que, dende 1963, vense dedicando a moitos dos nosos autores, sendo a través desta iniciativa que tivemos ocasión de conmemorar xa a obra de 53 deles, con reedicións, publicacións de traballos inéditos, rememoracións, presentación de admirables ensaios sobre as súas obras, actualizadas bibliografías, actos académicos, homenaxes etc. En xeral pódese dicir que asombra comprobar que a inmensa maioría destes autores forma parte dunha admirable élite, maioritariamente infravalorada no seu momento, que, agora henos posible coñecer axeitadamente.

O ano actual, esta data está dedicada a Xosé Fernando Fil-

gueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996), destacado intelectual e, entre outras cousas, Doutor en Lingua e Literatura Galego-Portuguesa, Doutor en Filosofía e Letras, Licenciado en Dereito, Catedrático, Director Emérito do Museo de Pontevedra e da Casa-Museo de Rosalía de Castro, Co-fundador do Seminario de Estudos Galegos, Académico de Número da Galega, da de Historia, e da de Belas Artes; Ex Director do Instituto de Pontevedra, e Expresidente do Consello da Cultura Galega, moi coñecido entre cantos o admiraron polo apelativo de "O Vello Profesor".

Mais nós somos aínda máis cobizosos, e de ahí que incluíramos ao comezo esas primeiras liñas do poema de Homero, nun intento de reivindicar coma letras tamén galegas a todo canto se escribiu dende a noite dos tempos e, pouco a pouco, foi transcrito na nosa fala: o relato exipcio de Sinuhé, que logo

inspirou a Mika Waltari a súa novela do mesmo título, os poe-


coa nosa indicada pretensión como coa cita de Homero coa que comezamos. Porque James Augustine Aloysius Joyce - James Joyce- (1882-1941), nunha das súas máis importantes obras, Ulysses, chegou a afirmar que o 16 de xuño do ano 1904, Leopold Bloom, un xudeu irlandés, ademais doutras singulares vivencias, conseguira rememorar nela, nunha sóa e simbólica xornada, a extraordinaria peregrinaxe protagonizada por Ulises, o rei de Ítaca, despois da tomada de Troia. Así mesmo, do éxito da novela na que Joyce deu a coñecer esa xalendaria data, xurdeu en 1954 o Blooms-

day, ou "Día de Bloom", unha conmemoración turístico-literario-gastronómica que segue os pasos que deste personaxe recolle a novela, dun extremo a outro de Dublín, ata a inevitable e circular Martello Tower, en Sandycove, nun altíño á beira do mar, a construción na que comeza o relato, e onde, en 1904, vivira o propio James Joyce, hoxe convertida en museo seu.

As outras Letras Galegas

Fálame, Musa, daquel varón de multiforme enxeño que, despois de destruír a sagrada fortaleza de Troia, andou en longo extravío, contemplou cidades, coñeceu os costumes das xentes, e padeceu innúmeras penalidades na súa navegación polo ponto a tratar de salvar a vida e de conseguir o retorno dos seus compañeiros á patria.

Odisea, I, 1-6.



Compre que digamos que a obra da que acabamos de falar convertérase axiña na máis celebrada -e criticada- de cantas escribiu o autor dublinés, así coma que dous dos nosos máis relevantes autores, Ramón Otero Pedrayo (1888-1976) e Vicente Risco (1884-1963), publicaran partes da mesma xa na década de 1920, especialmente sobre o seu personaxe Stephen Dédalus, o que na obra de Joyce encarna a Telémaco, o fillo de Ulises, e, ao mesmo tempo, tamén ao propio Joyce, mentres que o xa famoso Leopoldo Bloom, ao que antes nos referimos, correspóndese co astuto e errático protagonista da Odisa.

Pois ben, aínda ignorando a existencia dese emblemático "Bloomsday", no verán do ano 1985, nós, co Ulysses na man, tivemos a peregrina ocorrencia, e o inigualable placer, de revivir, pola nosa conta, o espectacular percorrido que nel se narra, e que vos recomendamos, aínda que non coincida con ningún 16 de xuño.

Mais faltaba algo. O contacto do Ulysses co noso Fisterra non ficaba consumado coa realización deste periplo, posto que aínda non era posible lelo, completo, na nosa fala. Afortunadamente, dende o mes de decembro do 2013 xa non é así, porque, liberada a obra dos dereitos de autor, e logo de máis de oito anos de traballo, un equipo composto por Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo e Antón Valle, dirixidos por Carlos Lema, co-roou para a Editorial Galaxia a versión do extenso libro de Joyce que dende aquela data se atopa xa nos andeis das nosas librarías.

¡Cead mile failte, Ulysses! ¡Cen mil benvidas, Ulises!.

FRAN P. LORENZO CABALOS E LOBOS **MARÍA XOSÉ QUEIZÁN SON NOXENTO** **MERCEDES LEIBALDE FUNAMBULISTAS** **XOSÉ ALONSO MONTERO**
XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE. BIOGRAFÍA INTELLECTUAL **AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ A NEVE INTERMINABLE** **MARCOS CALVEIRO AS PALABRAS PODEN MATAR**

AS MELLORES LETRAS DE 2015

XERAIS

en galego todo o tempo

Opinión

Por Uxío-Breogán Diéguez

Profesor da Universidade da Coruña

Xosé Filgueira Valverde e o galeguismo
(1923-1936)

O Día das Letras do 2015 será lembrado, sen dúbida, pola polémica que acompañará á figura homenaxeada. Por vez primeira, un escritor e investigador galego que tivo responsabilidades gobernamentais na ditadura franquista é o escollido para dar contido a tan sinalada data. Con todo, non é menos certo que Xosé Filgueira Valverde tivo até o verán do 1936 unha produción, como investigador e escritor, de relevo ligado ao galeguismo; realidade sen a que non se sustentaría a devandita distinción. Lembramos a seguir as tres principais iniciativas do galeguismo político das que participou, nunha Galiza que puido ser e non foi.

O Seminario de Estudos Galegos.

O nacionalismo galego procurou dotar ao país de institucións propias e, nomeadamente, no ámbito do ensino e a ciencia. Lembremos as 'escolas de primeiro ensino', creadas na Coruña de inicios do pasado século da man de Ánxel Casal e María Miramontes, ou os esforzos realizados por Antón Lousada Diéguez, asentado en Pontevedra, para crear a Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas e Arqueolóxicas. Esta última inspiraría a creación do Seminario de Estudos Galegos (SEG) por volta do ano 1923. Entre os fundadores estaría Xosé Filgueira Valverde, no tempo no que estudaba Filosofía e Letras, así como Dereito na universi-

dade compostelá.

O SEG procuraría encher a par na cultura popular e no coñecemento científico do país aos universitarios galegos.

Segundo os que trataron a Filgueira Valverde naquel tempo, o pontevedrés sería daquelas un mozo metódico, traballador e moi relixioso. A súa posición política sería conservadora, de dereitas, mais profundamente amante da Galiza. Un apaixonado da súa literatura medieval e idioma, do seu patrimonio artístico e arquitectónico, do seu folclore... No 'boletín mensal da cultura galega', Nós, está boa parte da súa rica produción nesas materias.

O Partido Galeguista.

Naquel final da ditadura primorriverista, o nacionalismo galego procuraría a súa modernización, máxime diante da inminente instauración dunha República española. Logo de ter participado na creación da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA, 1929), no 1931 desde aquel galeguismo crearíanse diversas organizacións de ámbito local. En Pontevedra crearíase no mes de xuño "Labor Galleguista", da que Filgueira Valverde sería o seu secretario. Ao pouco tamén se crearía o "Partido Galeguista de Pontevedra". Con todo, cumpría crear unha organización de ámbito nacional. E sería sobre aquel PG pontevedrés que na cidade do Lérez se desenvolvería en decembro do 1931 a asemblea fundacional, dando nome aquel partido pontevedrés á nova formación: o Partido Galeguista. Sumaríase Labor Galleguista á iniciativa e con aquela tamén Filgueira Valverde, sendo activo cofundador do PG. Para aquelas, Filgueira xa botara a andar meses atrás, xunto a Antonio Iglesias Vilarrelle e Xesús Ferro Couselo,

Logos. Boletín Católico Mensual. Xustamente, a confesionalidade católica de Filgueira arredaría do PG. O posicionamento de esquerdas desta formación, máis evidente segundo a República avanzaba, faría que en pleno bienio negro capitaneado pola Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA), o 23 de abril do 1935 se dera de baixa Filgueira do PG.

A Dereita Galeguista.

A marcha de Filgueira Valverde do PG representaba a súa toma de posición diante da encrucillaba que se abría. Tesitura na que o goberno da CEDA a inicios do '36 tocaba ao seu fin e na que a coalición Fronte Popular, eminentemente de esquerdas e co PG integrado nela -a cambio de ver plebiscitado o Estatuto de Autonomía-, pasaría de se crear a ser novo goberno no Estado español en febreiro daquel ano. Tesitura diante da que Filgueira impulsaría en maio a Dereita Galeguista, xunto apenas seis afiliados galeguistas. Seguían estes pontevedreses o camiño do ourensán Vicente Risco, quen meses atrás tamén marchara do PG baixo aquela denominación. Este vieiro non tivo maior relevo, dada a pouca militancia que secundara aquela escisión e o corte abrupto que supuxo o golpe militar de xullo do 1936. A sorte que correron diante do glorioso alzamiento os membros daquela efémera agrupación foi ben distinta, desde un Xosé Sesto López, que acabaría exiliándose en Venezuela fiel ao nacionalismo galego alén mar, até o propio Filgueira que, para alén doutras responsabilidades político-institucionais na ditadura franquista, ocuparía a cadeira de alcalde da Boavila entre 1959 até 1968.

Por X. M. Rivas

As letras dun galego en Venezuela



O poeta vigués Farruco Sesto Novás, como bo arquitecto que é, está construíndo en Venezuela a cidade do futuro. Na súa recente obra *El espíritu de la Comuna* presenta a posible cidade humana que acollerá finalmente a todos... Esta utopía precisa dunha longa e complexa preparación, na que traballa arreo o noso poeta arquitecto. Farruco conta cun equipo de poetas, novelistas, xornalistas e demais escritores con conciencia de futuro, que encetaron en 2004 a "Biblioteca Básica Temática". Farruco era daquela Viceministro da Cultura e Presidente do Consello Nacional da Cultura de Venezuela. Nese ano nas prazas Bolívar de vilas e cidades repartíronse 25 millóns de exemplares desta biblioteca, que acadou un total de vinte e seis títulos. Foi unha singular achega do Estado venezolano ao enriquecemento cultural da poboación, "fomentando a capacidade lectora, de reflexión, documentación e coñecemento de aspectos determinantes da vida común dos cidadáns, propiciando o talento crítico, construtivo, creador e transformador da comunidade", como consta na páxina introdutoria de colección.

Os medios de comunicación do culto Occidente pouco ou nada dixerón deste grande paso na construción da cidade do futuro. Posiblemente os poderosos da nosa sociedade pensan noutro futuro, onde as masas lonxe de ser críticas e lectoras queden na mera condición de consumidoras. Como non podían falar dunha biblio-

teca de adoutramento e manipulación da xuventude, os nosos medios de información silenciaron o labor do noso poeta arquitecto.

Luz y sombra de la gloria, escrito con textos de deportistas; *Maternidad*, da xa finada escritora Strefanía Mosca; La participación ciudadana, onde se cantan os valores de axuda mutua, responsabilidade, democracia, equidade e solidariedade; Carta de ciudadanía e vinte e tantos títulos máis son pezas fundamentais da cidade do futuro.

Este traballo construtivo a longo prazo é o que leva entre mans este poeta galego, que de cando en cando volve ás súas orixes buscando un escudo que lle serva de defensa ante a violencia organizada e a insolidariedade do chamado primeiro mundo. De Isolda (1988) copio este poema que nos mostra, en letras galegas, o ser humano, Farruco Sesto Novás, que se defende de todos os inimigos simplemente con amor.

O ESCUDO

CComa un escudo é a miña amiga.

Con ela protéxome.

Do inimigo malo e do inimigo bo.

Con ela deféndome.

Detrás dela acougo

coma detrás dunha parede.

Cúbrome co seu corpo como cunha manta.

Cando sinto a abraiante crueldade do mundo,

cando vou de ira en ira,

ela agáchame entón no seu colo,

e logo me sosego.


No templo da súa alma, alí sobre o seu ventre xa nada me conturba.

Non hai lugar máis calmo,

nin de maior dozura, en todo o universo.²

¹<http://cuadernosparalacomuna.blogspot.com.es/2009/10/el-espiritu-de-la-comuna.html>

²Farruco Sesto: *Pequeños encuentros, las marcas deixadas*. A Coruña: Espiral Maior 2010, 171-2.



Opinión

Por: Nemésio Barxa



Seguem sem deixarnos namorar

Nestes días os xornais dan noticias das propostas dos cabezas de listagem dos partidos políticos que aspiran a ter representación na Cámara Municipal de Vigo. Uma chamou minha atención por notoriamente hipócrita (muitas outras gozam da mesma consideração); a da candidata do PP, que “se propone recuperar el liderazgo vigués como capital de la euroregión”

A Sra. como se chame (pois nem seu nome conheço) passa com completa ingenuidade sobre os lios de seu partido, que no mesmo día o candidato para a alcaldía de A Coruña ninguera á cidade de Vigo nos contactos com seu homónimo de Porto verbo de aeroporto de Sá Carneiro e o de Alvedro. Mas esta é uma de tantas anedotas que podíamos relatar também verbo do desprecio do PP galego contra a cidade de Vigo, que nem sei como os viganeses atuaram e ainda há viganeses que até os votam. Mas, prefiro ir ao tema da invocação á euroregião.

A entelequia da euroregião Galiza-Norte de Portugal foi um achádegado curioso de políticos das duas beiras do Minho, e tanto, colorados ou vermelhos como azueis, inimigos de qualquera veicidade que propiciara um achegamento cultural, idiomático e sobre todo político entre ambas terras. Logo, perguntaria o pouco avisado, mas razoavelmente inteligente, leitor, se são inimigos do achegamento entre ambos povos porque

inventam o da euroregião? Porque dava réditos políticos e cada facção ou bando pensava que poderia alias tirar réditos económicos do outro país, dos habitantes do outro país e das suas po-



tencialidades económicas. Eram os políticos e seus acólitos (económicos) os que cozinham essa nova entidade política (?). O invento tivo pouco recorrido; nem a Madrid nem a Lisboa gorentava demasiado. Historicamente Madrid tratou sempre de ter alonxados aos galegos dos portugueses porque em realidade nos confundimos e podíamos ser um problema para a pax ibérica. Espanha malhou duramente na espalda dos galegos, chuchounos todo o que podíamos dar e alcumounos de burricans, mas para concedernos um pequeno pugariorio em aquele inferno de sometemento di-

xonos que ainda havia algo pior que eram os portugueses. Essa era a filosofia del “glorioso alzamiento” e de esse jeito mantinham as distancias entre duas partes do mesmo povo. Claro que

em Portugal o pior eramos os galegos. Porque não há mais relação entre galegos e portugueses do Norte? Se o mais parecido a um português é um galego e ás avessas? Há mais de comum entre um minhoto e um galego que entre o mesmo minhoto e um algarvio. Mesmo entre um galego e um minhoto que entre o mesmo galego e um zamorano. Já vedes porque as fronteiras foram sempre tam fechadas, para evitar a unidade pola base. Por isso as vilas fronteiriças viviam de costas entre elas. As elites eram as que passejavam suas singularidades a uma e outra banda da

fronteira. O povo partilhava sua miseria e sua generosidade sobre um territorio comum que nem sabiam porque era fronteira. No meu Debe de Portugal eu sempre tenho o feito de que

deixassem sob hegemonia estranha a uma comunidade da sua mesma fala e cultura e vida; esta cobardia, poderá calificarse de prudencia, admitoa historicamente (“deus nos libre de um já foi”), mas segue a indignar-me no tempo actual; a loita do galego por conservar e defender seus costumes e fala, os mesmos de Portugal, resulta totalmente indiferente aos políticos portugueses que não só os ignoram senão que ainda colaboram no seu bloqueio quando som requeridos polo governo de Madrid. Um exemplo: Sabedes que som os PALOP (Países de lingua oficial portuguesa); há uns

poucos anos um dos países que conformam os Palop (penso que Timor), propujo a entrada de Galiza, dado que tamem tem lingua oficial o galego-português; a proposta foi aceite pola to-

talidad dos demais países, mas vetada precisamente por Portugal que, também cobardemente seu governo (que não seus nacionais), atendeu a requerimentos estrangeiros para não ter conflito com o vizinho. O Estado espanhol admite cátedras de galego por toda a fronteira; só foi rejeitada (houvo uma na USC, de Carvalho Calero, e agora aprovouse polo Parlamento galego o ensino do português) em Galiza porque não interessa que unifiquemos ortograficamente o que é uma soa lingua e falemos, segundo os espanholistas e os isolacionistas, uma lingua “estrangeira.”

Penso que me perdí. Ou não. Eu falava da “euroregião” e já vedes como a “euroregião” é uma entelequia que nunca permitirán os políticos de um e outro color de um e outro país. O povo sim que vai conformando a euroregião porque os lazos de amizade, de parentesco, de comunicação... som imparáveis e temos em comum muitas mais cousas que nos unem das quos afastam. Porque em realidade nos necessitamos. O povo buscaremos uma comunidade para desenvolver e aproveitar potencialidades propias, para relacionarnos e disfrutar da nossa cultura aproveitando a desaparición (?) das fronteiras ou polo menos sua permeabilidade. Porque os políticos o único que buscam é defender seus privilégios e mandar; a candidata á alcaldía de Vigo polo PP, referindo-se á euroregião promete a capitalidade a Vigo; ainda não tem um contido específico, ainda não é uma realidade com contido e efectividade, segue a ser uma entelequia com todas as eivas do temor de que exista um ente político diferente que englobe a Galiza, mas a promessa eleitoral não é de revitalizala, é de acadar a capitalidade. Querem mandar, não buscam melhorar a vida dos cidadãos. Eu penso também que a minha patria é a minha lingua. Quinta do Limoeiro, maio de 2.015.

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Xosé Filgueira Valverde, a quen conmemoramos no vindeiro Día das Letras Galegas, é unha figura cultural de primeira orde que sería, con xustiza, o orgullo de calquera país europeo. As súas achegas a diversas ponlas da nosa cultura son dun valor innegábel. Malia que, quizais, sexa responsábel por omisión de ter agachado Castela no Museo de Pontevedra, a pesares de contar con tanta obra do noso Daniel.

Canto ao seu labor político, Filgueira foi fidel ao seu conservadurismo fundando Dereita Galeguista no 1935. Un partido

que podería ter desenvolvido un rol fundamental na República para atraer aos sectores católicos do País, ao xeito da Unión catalá do mártir Carrasco Formiguera. De feito, o abraiante trunfo do Si e máis a alta participación do referéndum do Estatuto galego do 28 de xuño do 1936 quizais non se poida entender sen a colaboración da Dereita Galeguista, que mesmo chegou neutralizar o pulo centralista doutras dereitas. Agora ben, o que si resulta in-

Filgueira valverde

compatíbel con todos os parámetros éticos da democracia europea é a súa participación activa no franquismo, chegando ser alcalde de Pontevedra e procurador nas Cortes da Ditadura nos 50 e 60 do século pasado. Porque esta actuación non constituía esixencia ningunha do seu conservadurismo nin da súa catolicidade e si unha plena integración consciente no aparello institucional dun Réxime ilexítimo e opresor, baseado na prolongación da loita

civil e na liquidación ou invisibilización do inimigo. Abondan os exemplos de milleiros de persoas que, dende os supostos parámetros ideolóxicos de Filgueira, rexeitaron cargos no franquismo. Tolerarmos eticamente a súa participación política canda o xeneral Franco é incríbel dende a óptica de calquera europeo democrata. Podemos, pois, recoñecer os grandísimos méritos culturais do pontevedrés e a súa achega so-

branceira ao noso acervo cultural. E mesmo conmemoralos sen restricións. Mais sen esquecer que, canda Heidegger, Carl Schmitt ou Marinetti, o seu activismo político durante o franquismo é incompatíbel coa ética democrática e non terá perdón de Deus por moito tempo que pase.



Parada de Sil

Ourense

Unha asturiana gañou o III Concurso de microrrelatos en Parada de Sil

Por: Jesús Losada

Yose Álvarez Mesa, de Amao (Asturias), foi a gañadora da terceira edición do concurso de microrrelatos Concello de Parada de Sil-Ribeira Sacra, co traballo "Casa Nueva". O segundo premio foi para o microrrelato titulado "Duascentas liñas" de Manuela Vicente Fernández, de Viana do Bolo, en Ourense. Ademais, o xurado considerou facer unha mención especial ó traballo titulado "Festín de Cuervos" da autora sevillana Lola Márquez González. Ao certamen concorreron 546 microrrelatos pertencentes a 464 autores procedentes de todas as comunidades autónomas. O xurado, que suliñou a calidade dos traballos presentados, estivo formado polos profesores e escritores Antonio Carreño e Edelmiro Vázquez Naval e polo profesor Arturo Fernández Nóvoa. A entrega de premios está prevista para o próximo 16 de maio, nun acto que con tal motivo organiza o Concello de Parada de Sil por mor do Día das Letras Galegas e que terá lugar na Casa do Concello. Tanto a participación como a calidade dos traballos presentados fan que o certame esté xa totalmente consolidado e sexa considerado como un dos importantes nos círculos literarios.

VIII concurso de fotografía

O Concello de Parada de Sil ven de facer pública a convocatoria da oitava edición do concurso de fotografía Rosa Pons Parada de Sil-Ribeira Sacra, totalmente consolidado como amosa o feito da presentación de máis de cento cincuenta fotografías na anterior convocatoria. O certame está patrocinado por Camilo Yáñez, empresario do lugar afincado en Barcelona, a quen o alcalde agradece o mecenazgo, xa que axuda ó posicionamento de Parada de Sil e da Ribeira Sacra nos medios, nun momento no que se está a traballar para que a Ribeira Sacra sexa declarada Patrimonio da Humanidade. Ese concurso ten dous premios cunha dotación de 800 euros para a mellor fotografía que teña como tema un motivo de Parada de Sil e 700 euros para a mellor de tema libre; as bases contemplan a posibilidade de participar nas dúas modalidades de



■ Antonio Carreño, Lalo Pavón e o alcalde de Parada de Sil, Francisco Magide

xeito simultáneo pero só se pode levar premio nunha delas. O prazo de presentación remata o 31 de xullo, e as fotografías han ser remitidas ó Concello. A finalidade do concurso é fomentar a creatividade e dar a coñecer ó público a diversidade e riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do Concello de Parada de Sil e o mesmo tempo, espallar a práctica da arte da fotografía, como un instrumento de creatividade e expresividade. O Concello publicará un libro coas fotografías premiadas e os microrrelatos do concurso que tamén se convoca anualmente. Estes premios pretenden ser un estímulo para o maxin, e o mesmo que outro tipo de actividades que están promovidas polo Concello, como o concurso de microrrelatos, as festas vencelladas á castaña, as rutas de sendeirismo e de BTT, pretenden amosar a riqueza plena de Parada de Sil e atraer visitantes. O día 19 de agosto o xurado fará público o resultado do concurso, en tanto que a entrega dos premios terá lugar o día 28 de agosto no salón de plenos. Paralelamente, está prevista unha exposición con todas as fotografías presentadas a concurso.

Crónicas

Antonio Carreño, catedrático emérito da universidade de Brown, en Estados Unidos, e nativo de Parada de Sil, presentou o seu último libro "Crónicas de un

maestro rural", no que inclúe historias contadas a través de artigos e colaboracións no xornal La Región. O acto foi moi emotivo, pois no libro relátanse moitas historias das que o autor foi protagonista, de xeito que na escolma de artigos que o compoñen trázase a persoalidade e os avatares da vida persoal e profesional de Antonio Carreño.

Letras Galegas

O día 16 de maio en Parada de Sil "homenaxeamos a emigración como mantedora do idioma e concretámolo en Xosé Luís Campo Rodicio, que é de Parada de Sil, que estivo en Bemposta e leva un montón de anos con Bemposta Internacional en Colombia, nunha laboura solidaria", di o alcalde Francisco Magide. Campo Rodicio "foi recoñecido en maio do ano pasado como unha das cen persoas que máis contribuíron a marca España (fora de España) e fixeronlle un recoñecemento en Madrid, publicado no ABC no mes de maio do ano pasado e no xornal La Región", asegura Magide. O día do homenaxe ás 12 horas no consistorio intervirá o alcalde, o secretario xeral de Cultura da Xunta o presidente da Deputación de Ourense e o catedrático emérito Antonio Carreño. Entregaránse os premios do concurso de microrrelatos, colocaráse unha placa na casa do homenaxeado e actuará a coral Vello Amigos de Manuel de Dios.

Antonio López, Premio de Xornalismo "Xosé Aurelio Carracedo" 2015

Por: Jesús Losada

O xurado ditaminou outorgar o galardón ao seu traballo titulado *La madre de todas las vacunas*, publicado no xornal La Opinión, referido á figura de Isabel Zandal, a única muller que participou na primeira campaña mundial de vacinación.

Oxornalista coruñés Antonio López foi o gañador do premio de xornalismo "Xosé Aurelio Carracedo" 2015, dotado con 3.000 euros, un certame que anualmente convoca a Deputación de Ourense para honrar a memoria do xornalista ourensán, falecido en 1988, que lle da nome ao premio. O xurado ditaminou conceder por unanimidade o galardón a Antonio López (Antonio Alfredo López Mariño, Boente, Arzúa, 1951) polo seu traballo titulado *La madre de todas las vacunas*, publicado no suplemento dominical do xornal La Opinión, da Coruña, referido á figura histórica de Isabel Zandal, a única muller que participou na primeira campaña mundial de vacinación. O xurado destaca da obra premiada "a gran calidade desta reportaxe histórica, a actualidade e o interés social que ten un tema como o das vacinas". Ademais, fai constar "o

gran traballo de investigación realizado por Antonio López, a coidada presentación e a boa estrutura da reportaxe", así como "a descuberta que o autor fai dun personaxe histórico como é Isabel Zandal Gómez". O premiado, Antonio López, é xornalista. Leva dende 1970 desenvolvendo o seu labor profesional, que comezou no xornal El Ideal Gallego, para pasar posteriormente á revista galega Teima, Faro de Vigo e Televisión de Galicia. Tamén traballou durante nove anos como profesor universitario en Irlanda e Francia, e na actualidade é colaborador do xornal La Opinión. O xurado, presidido polo deputado provincial de Cultura, Avelino García Ferradal, estivo integrado por Emma Torres Romay, Luís Menéndez Villalba, Xosé Ramón Pousa Estévez e Xosé Manuel Pereiro Sánchez actuando como secretario Fernando Rodríguez Méndez.



■ Reunión dos membros do xurado na Deputación de Ourense.

Literatura

Francisco Castro presenta na Casa de Galicia en Madrid a súa última novela, "Tes ata as 10", publicada por Editorial Galaxia

O escritor e editor vigués construíu unha trama de intriga e suspense que contén moitas historias

Madrid, 23 de abril de 2015. – Coincidindo coa celebración do Día Internacional do Libro, hoxe presentouse na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid-Casa de Galicia a novela "Tes ata as 10", publicada por Editorial Galaxia, do novelista e editor vigués Francisco Castro, unha trama de intriga e suspense que contén moitas historias distintas e que parte coa recepción por parte do protagonista dun correo electrónico enviado polo seu pai, que morrera.

Intervíñeron na presentación, ademais do autor, a profesora de galego Carme Lamela e o coordinador de Actividades Culturais da Casa, Ramón Jiménez, quen resaltou a conmemoración de Día Internacional do Libro e indicou que a presentación desta novela, en lingua galega, é "a nosa forma de celebralo".

Lamela observou algúns paralelismos entre o autor e o protagonista da novela - ambos os dous estudaron na Universidade de Santiago de Compostela, os dous son editores e os dous teñen en común a cidade de Vigo e o barrio de Teis-, resaltou a presenza do autor na redes sociais e a súa participación no ensino do galego.

Respecto á obra, mantivo que "é unha apaixonante novela de amor e intriga, que nos mantén

en suspenso durante as case trescentas páxinas do libro". "Unha novela ambientada na época actual, que viaxa aos anos finais o franquismo. Unha novela política, onde se fala da realidade e se intenta transformala; a denuncia social, tema recorrente na obra de Francisco Castro, tamén está presente nesta", engadiu.

Castro, que xa presentou na Casa de Galicia a súa anterior novela, "O Corazón da Branca de Neve",



■ Un momento da presentación da novela, con público

igualmente acompañado por Carme Lamela, hai dous anos, centrou a súa intervención nesta ocasión en explicar por que escribiu "Tes

ata e as 10", que foi o que lle deu saída dentro do seu máxime e os seus obxectivos. No básico, estes obxectivos

"teñen que ver coa idea de reivindicar as grandes novelas de aventuras, de intriga, ese tipo de escritos que nos obriga a ler e ler e ler e nunca parar". "Ao mesmo tempo, quixen construír un libro de fronteira que poden gozar tanto os máis novos coma os adultos. De feito, está a ser así e por iso estes días está a saír da imprenta a segunda edición desta novela que está a ter moita penetración nos centros de ensino pero tamén nas librerías", explicou o autor.

Francisco Castro é escritor en lingua galega e escribe para todas as idades. Parte da súa obra está traducida ao castelán, catalán, italiano e ao portugués de Brasil. Traballa como editor de Literatura Infantil e Xuvenil e coordinador de Novos Projectos na Editorial Galaxia. Entre outros, recibiu o Premio Blanco Amor de Novela 2005 e estivo na Lista de Honra IBBY con dúas obras, en 2012 e 2013.



Tes ata as 10
Editorial Galaxia



■ Castro, Jiménez e Lamela

Lingua

As raíces da lingua



Os actos de conmemoración do XXX aniversario da primeira sentenza en lingua galega celebrados en Redondela tiveron continuidade no concello de Castro Caldelas o día 11 de abril de 2015, Vila que ten o privilexio de ter o primeiro instrumento xurídico redactado en lingua galega no ano 1228 (O Foral do

Burgo de Castro Caldelas); se esta data é importante na historiografía da lingua galega, non é menos a sentenza de 1985 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña, da que formaba parte o maxistrado caldelao D. Claudio Movilla Álvarez.

MES DA CULTURA GALEGO PORTUGUESA

1-V-2015
12:00 EXPOSIÇÃO FÁBULAS OVÍRICAS DE KATHY SOMERS E ANA SILVA - FUNDACIÓN VICENTE RISCO.
13:00 CONCERTO DE VIOLA AMARANTINA - FUNDACIÓN VICENTE RISCO.
14:00 DEGUSTACIÓN DE VIÑO VERDE DE AMARANTE - FUNDACIÓN VICENTE RISCO.

10-V-2015
18:00 CONCERTO DIDÁCTICO DE XOÁN CUBIEL - CASA DA CULTURA
21:00 RECITAL DO POETA ITALIANO CLAUDIO POZZANI - FUNDACIÓN VICENTE RISCO

14-V-2015
20:30 PROIECCIÓN DE 5 ONDAS: COLOQUIO CO SEU DIRECTOR SIMONE SABBENE - FUNDACIÓN VICENTE RISCO.

15-V-2015
19:30 INAUGURACIÓN FESTA DO LIBRO GALEGO PORTUGUÉS
LIBRARIAS "AIRA DAS LETRAS E TRAGAMUNDON"
PRESENTACIÓN DA OBRA DE ARTHUR ALONSO NOVELHE NO MEXO DO GRINTE
TRAGA-CONTOS, NARRACIÓNS PARA ADULTOS VITOR FERNANDES
FUNDACIÓN VICENTE RISCO

16-V-2015
12:00 ENCONTRO DO CLUBE DE LECTURA ALVEIROS COA TERTULIA JOÃO ARAÚJO CORREIA - FUNDACIÓN VICENTE RISCO
20:30 CONCERTO DO CÍCLO PETISCOS MÚSICAIS ADICADO A COMPOSITORES GALEGOS - FUNDACIÓN VICENTE RISCO
22:30 TRAGA-CONTOS, NARRACIÓNS PARA ADULTOS DE VITOR FERNANDES - TABERNA DE ACEVEDO

17-V-2015
17:30 ACTIVIDADE PARA NEWOS - FUNDACIÓN VICENTE RISCO

21-V-2015
20:30 PRESENTACIÓN DO LIBRO DE BRITANIA A BRITONIA - FUNDACIÓN VICENTE RISCO
22:00 CHE ARTURICO - FUNDACIÓN VICENTE RISCO

22-V-2015
20:30 VENTRES DE SABOR: CATA DE ACEITES EIDOS DE IVA E LAGAR DA SANCHEA A FÁBRICA DE VILANOVA

23-V-2015
19:30 EMISIÓN DE CAMIÑA FLOR DE GALICIA CO ACOMPAÑAMENTO DE POLA CORAL DE RUADA - CASA DA CULTURA

Fundación Vicente Risco, AMARANTE, XUNTA DE GALICIA, amaranite, etc.

Sober

Presentación en Doade dun libro sobre o viño

Por: Jesús Losada

O día 30 de maio presentarase no salón nobre das Adegas Regina Viarum, de Doade, o libro: "El vino en la vida de Estebanillo", do catedrático de Dereito Laboral da Universidade de León, Germán Barreiro González. Este libro sobre a vida de Estebanillo, un pícaro en pleno século XXI, polas terras de varias denominacións de orixe de Galicia, entre elas Ribeira Sacra, está patrocinado polo Restaurante aCantina e Adegas Regina Viarum. Estas empresas afincadas en Doade (Sober) contribúen decididamente á posta en valor da zona así como todo o relacionado coa cultura. A presentación do libro será ao grande o próximo 30 de maio ás 18,30 horas, cun grupo de música medieval e onde se servirá un viño da zona tras os actos no marco inconfundible das Adegas Regina Viarum. O libro está prologado polo erudito e actual delegado da AEAT en Lugo, Xosé María Núñez Pérez. Ao acto está convidados ilustres persoas do mundo do dereito, da literatura e do arte de España.

O autor

Germán Barreiro, licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, doutorouse na Universidade Complutense de

Madrid onde foi profesor. Membro dos comités Editoriais de varias revistas españolas e estranxeiras, o profesor Barreiro é autor de varias monografías e de máis de 190 artigos sobre materia xurídico-laboral e da Seguridade Social. É autor así mesmo de varios libros e artigos sobre a obra de Miguel de Cervantes e sobre a picaresca clásica española. Son de destacar ao respecto as seguintes obras, entre outras: Ius Quijotesum, Una visión literaria do Dereito na novela de Don Quixote de la Mancha, Los Gremios de los picaros Clásicos, La Infame Academia, entre outros. En posesión da Orde do Mérito Xudicial de Brasil e da Cruz Distinguida de Primera Clase de San Raymundo de Peñafor, na actualidade é xuíz do Tribunal Administrativo Internacional do Banco Interamericano de Desenvolvemento, con sede en Washington.

Inauguración

Por outra banda, a Asociación Amigos da Cantina de Doade, acondicionou a praza do pobo na que destaca un acio de uvas, símbolo e entrada ás abas de Doade-Amandi. Inaugurará Xosé María Núñez Pérez a quen os veciños queren adicarlle unha placa conmemorativa.



■ A data da inauguración está sin decidir ata que pasen as eleccións locais

Sober

Sober celebrou o Mes dos Libros na biblioteca municipal

Por: Jesús Losada

O Concello de Sober organizou en abril o Mes dos Libros, un conxunto de actividades nas que a lectura foi a protagonista. A primeira delas foi o día 17 na biblioteca pública municipal coa celebración dun obradoiro baixo o título “Os libros indispensables” no que se leron aqueles volumes preferidos para os nenos e nenas e para os maiores. Ao longo de 2015 farase unha librería na que se colocarán todos os tomos cos títulos e autores que propoñan todas as persoas que participen na actividade. O día 22 de abril celebrouse o Día do libro cunha lectura conxunta na que participaron os membros do Club de Lectura Pintor de Castinande e os alumnos do 1º de BAC do IES A Pinguela de Monforte, acompañados da súa mestra María Xosé Vidal. O día 23 todas as persoas que se achegaron á biblioteca recibiron un libro como agasallo. Tamén se liberaron novos volumes no parque infantil dentro da actividade de “book-crossing”. Ás doce da mañá o programa da Xunta de Galicia “Cultura no Camiño” levou a Sober BocAberta, unha actividade de contacontos que interpretou Carmiña Miudiña



■ Estudantes de Sober diante do consistorio de Pantón, lembrando a escritores lucenses.

e A pinga aventureira. Ao día seguinte os nenos e nenas que participaron nas “Meren-das con contos” organizaron o terceiro mercado de libros. O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, destacou as actividades desenvolvidas en abril “para axudar a espallar a importancia da lectura entre os máis novos e tamén entre os maiores”.

Día do Libro

Os nenos e nenas do CEIP Virxe do Carme e do PAI de Sober asistiron o 23 de abril a unha sesión de contacontos para celebrar o Día do Libro. A actividade correu a cargo de BocAberta, que interpretou Carmiña Miudiña e A pinga aventureira. Os actos desen-

volvéronse no marco do programa Cultura no Camiño da Xunta de Galicia.

Visita a Pantón

Estudantes de Sober visitaron o Concello de Pantón. Estiveron no balneario de Augas-santas, na fonte de auga natural e no mosteiro cisterciense das Bernardas. Participaron ademais xunto cos compañeiros do colexio Monte Balaño, de Castro de Ferreira, nunha sesión de contacontos e ao remate celebraron un xantar de confraternización na capitalidade do Concello de Ferreira de Pantón. Os estudantes posaron para o fotógrafo diante do consistorio de Pantón onde lembraron a Manuel María Fernández Teixeiro, (Outeiro de Rei, 6 de outubro de 1929. A Coruña, 8 de setembro de 2004), poeta, autor dramático e procurador dos tribunais. Os alumnos tamén tiveron un recordo para Ánxel Fole Sánchez (Lugo, 11 agosto 1903. Lugo 9 de maio 1986), autor de Á lús do candil, Contos a carón do lume (1953), Terra brava. Contos da solaina (1955).


17 de MAIO

DÍA das LETRAS GALEGAS

FILGUEIRA VALVERDE

A HISTORIA EN LETRAS



Historia

Mitoloxía e manifestacións de culto na Gallaecia

Por Anxo Serafín Porto Ucha & Raquel Vázquez Ramil

Debemos aos clásicos, como Estrabón, Justino ou Silio Itálico, as referencias encol da relixión prerromana na Gallaecia. En *Galicia* (1888), Murguía poñía de manifesto que esa historia relixiosa do noroeste hispano prerromano pode reconstruírse a través das supersticións, crenzas, festas e prácticas especiais conservadas, que nos permiten achegarnos a aquela vivaz sociedade, cuxos ecos se mantiveron no tempo e que se superpoñen coas posteriores prácticas cristiás.

A nosa mitoloxía popular é fecunda e extensa, arraigada no corazón do home do campo, apegado como ninguén ás pasadas tradicións. Para as xentes do pobo, as campás falan e camiñan; as choivas, os ventos, as ondas do mar conteñen palabras misteriosas, que ameazan ou aconsellan; o lume do fogar ten existencia persoal; a noite contén espíritos bos e malos; os cemiterios, paraxes solitarios e encrucilladas están poboados por entes animados, inimigos ou propicios.

O CULTO Á AUGA.- Na súa *Historia Natural*, Plinio fai relación ao culto das fontes, ao que lle dedica López Cuevillas o seu estudo sobre *O culto das fontes no noroeste hispano*. Existe tamén unha ampla epigrafía latina, moi enraizada na Gallaecia de elementos autóctonos; a repetición dos nomes relacionados cos nacentes da auga fainos pensar que quizais tiña máis forza nos conventos de Bracara e Lucus, que na xurisdición Asturica. Segundo Plinio, as fontes do Tama-

vos. Na cultura castrexa, a auga era creadora e purificadora, tanto as augas dos ríos coma as do Océano, dos mares. As augas son obra dos deuses. Os pozos, as fontes de auga viva, os nacentes dos ríos teñen forza creadora; dos poderes da auga do ceo falaba Merlín. Segundo Martiño de Braga, o campesiñado facía ofrendas de pan e viño, polo que expresaba a seu amor ás fontes, xeradoras de todo ben para a xente. O Pai Sarmiento, no seu Viaje por Galicia, deixou testemuña do río Barbanza e da noite de San Xoán. O Lima, o Douro ou o Minho forman parte dos múltiples ríos sagrados. Hai expresións que teñen o seu correlato no lotus védico. Esta condición sagrada posuía igualmente as augas do mar. As nove ondas, no rito simbólico do 3 por 3, son simbólicas na esencia milagrosa. Nas estacións de choivas torrenciais do Ulla e do Sar reproducense nocións da mitoloxía céltica con reminiscencias no mito grego. E a historia antiga falaba do río Lethe, que ao vadealo levaba ao esquecemento de todo o que quedaba tras de si.

CULTO AO LUME.- É común a crenza na orixe divina do lume. Murguía recolle exemplificacións no país de Bergantiños, a partir dunha antiga opinión védica que facía do fogo un deus, Agni, pai do ceo e da terra. Nas solitarias montañas de Cervantes (Lugo) consérvanse primitivas crenzas da antiga adoración ao fogo. Deixar morrer o lume equivale a sacrilexio e pode ser causa de desgrazas. Acender o

eran comúns dous libros, o Libro de San Ciprián e O Ciprianillo, que corresponden en certo modo ao Grand Saint Albert e ao Petit Saint Albert (franceses), nos que se compendia a arte necesaria para o achado dos tesouros ocultos.

CULTO AOS ASTROS.- O culto da aurora ocupaba xa un lugar preeminente no panteón védico. A noite é devorada polo día. Segundo a lenda, o sol, personificado polo lobo, devora á lúa. Nas antigas crenzas, a Osa maior foi mirada coma un carro tirado por sete bois ou por bois e cabalos. Na noite de San Xoán, arredor das grandes fogueiras danza e canta a multitude co salto dos xoves e doncelas por enriba das chamas. Na Britania hai a crenza de que se as xoves non visitan nove fogos, ese ano non casan. Baixo a influencia dos astros, pónense a serenar as herbas milagreas, coas condicións salutaríferas de que están adornadas. A lúa é tamén protectora do silencio e do misterio. Tanto nos concilios bracarenses como no compostelán de 1056 tratouse o tema do culto á lúa, tan arraigado nos antigos. Importante, así mesmo a Vía Láctea, o camiño das almas, que nos leva á lenda do Apóstolo na súa consideración sideral.

O CULTO Á NATUREZA INANIMADA.- As crenzas primitivas entendían que o espírito divino se hospedaba no seo da natureza inanimada. Baixo as arcadas do célebre mosteiro dumense, o monxe e bispo Martiño escribiu o seu tratado De correctione rusticorum contra os erros do paganismo, que tamén tiveran que anatemizaren os PP. dos concilios de Braga, referíndose á adoración das árbores, das fontes, dos penedos. As árbores, en especial os carballos, son sagrados, purificadores. Entre os carballos, aparece o de Santa Margarida (Pontevedra), tan frondoso e corpulento. De iguais ou superiores virtudes, aparecen os carballos cerqueiros ou cerquiños de Goián e pobos da ribeira do Minho. Hai unha mención especial á aciñeira coas súas landras comestíbeis, case desaparecida en Galicia; tamén ás oliveiras das igrexas campesiñas, a cuxa sombra descansan os mortos. Entendíase que as ramas de oliveira, bendicidas no día de Ramos, preservaban ao gando de todo xénero de desgrazas; semellante propiedade tiñana tamén outras árbores, entre elas o



■ Imaxe do deus Breogan, ca Torre de Hércules ao fondo, fronte ao mar (A Coruña)

loureiro. Destacan igualmente os castiñeiros, cos ritos dos magostos, con castañas e viño novo, na simboloxía do renacer. As referencias ás alturas e aos penedos, morada dos homes e dos deuses, son tamén obxecto de atención: O Aloia, O Pico Sacro, San Cibrán ou Santa Trega, na Galiza; Santa Lucía, Briteiros ou a Peneda, no norte de Portugal.

O CULTO AOS SERES SOBRENATURAIS.- Destacan aquí os espíritos da casa, as almas, relacionadas co culto aos antepasados, o tardo, sempre tan burlón e curioso, cuxa crenza se mantivo no tempo, o *tangomango*, que semella aludir á enfermidade en xeral, aínda que Vasconcellos apunta que se trata dunha enfermidade dada, talvez o baile de San Vito. Dos espíritos das augas, figuran as *virxes*, as *donce-las* e as *damas*. Dos espíritos do campo e dos bosques, a *pantasma*, a *compaña*, o *canouro*. Dos antros, os *mouros*, as *lumis*, *negrumantes* e *ouvas*. Importante o culto ás serpes, no castro de Troña, en Ponteareas.

O CULTO AOS ANTEPASADOS.- Para os antigos, a morte non supuña o completo aniquilamento, nin a angustia de hoxe en día; era a volta de cada cousa á súa orixe, no sentido da eternidade. Trátase, esencialmente, do culto aos mor-

tos, con distintas manifestacións e pasos, dende o momento do derradeiro *alento*, a preparación do finado para o máis alá, as *vestimentas*, as *uncións*, os *prantos*, coa exaltación das virtudes do que nos deixa. Non faltan tampouco os convites despois dos enterramentos.

OS DRUIDAS.- Finalmente, e grazas ás aseveracións de Estrabón, é posíbel dicir que o culto dos coñecidos como celtas foi un culto máis ben público, que particular ou doméstico, o que presupón a existencia dun corpo sacerdotal importante. Tanto nas Galias como na Bretaña, era coñecidos como *druídas*, cuxos coñecementos abarcaban os principios relixiosos, a medicina e a lei, un conxunto de doutrinas coñecidas como druidismo. As crónicas irlandesas falan dos fillos de Mile, que, partindo de Brigantia, abordaron as súas praias de Hibernia, acompañados por dous druídas. Na mitoloxía popular galega relacionada co druidismo, plantas como o *fento*, o *muérdago* ou a *uz* teñen propiedades máxicas. E o *carballo* xoga un lugar importante, como árbore de virtudes medicinais nas carballeiras, lugar de encontro dos *druídas*, dos que, segundo Murguía, Prisciliano foi, se pode dicirse así, o noso último druída.



■ Fonte do Idolo (Braga), adicada a div inidade Tongonabiago (s. I a.C.)

ris dannos novas de velas prácticas higrománticas, que Estrabón amplía máis alá das xentes da propia Gallaecia. Roma prestoulle atención especial ás augas termais, localizadas en moitas localidades da vella Gallaecia, ás que se acude aínda hoxe con fins curati-

lume reviste as aparencias dun verdadeiro acto relixioso. Facelo con madeiras brancas é símbolo de pureza. Nas fórmulas que se conservaron de libros de maxia, nos que se poden rastrexar antigos ritos para acender o novo lume, hai referencias a Galicia e Portugal, onde

Novas da Raia

VALENÇA

Biblioteca de Valença em Festa

A Biblioteca Municipal de Valença comemora 10 anos de existência, ao serviço do concelho e da região transfronteiriça, terça-feira, 5 de maio, com um programa evocativo que se prolonga por todo o mês de maio. Feira do Livro, encontros com escritores, concertos, espetáculos de dança, hora do conto, cinema infanto-juvenil, ateliers e um seminário transfronteiriço são algumas das atividades programadas.



■ Um Espaço Moderno e Funcional

Um espólio de 43218 livros, dos quais 4 000 são fundo antigo (anteriores a 1900), da extinta Assembleia Valenciana e 3 mil documentos multimédia, distribuem-se por um espaço de 1090 m2, compreendido por dois pisos. O primeiro piso tem uma área de 790 m2 em que se distribuem secções diferenciadas para adultos e crianças, com espaços multimédia, salas polivalentes para colóquios, exposições e outras atividades. O piso inferior está destinado a depósito e serviços técnicos.

■ Uma Biblioteca Transfronteiriça

A Biblioteca de Valença tem 15% de utentes galegos e 85% de portugueses, tendo atingido, em 2014 o número de 30 mil visitantes. Ao longo do último ano a biblioteca valenciana fez 26915 empréstimos domiciliários, 20% a utentes galegos e 80% a portugueses, contando na atualidade com 4 mil leitores inscritos.

Uma estreita parceria com as bibliotecas escolares de Valença e Tui (Galiza) permite levar literatura portuguesa aos dois lados da fronteira.

■ Uma Biblioteca Pioneira

A modernização do espaço e a aproximação do livro aos mais diversos tipos de público, com projetos pioneiros e inovadores tem sido um dos grandes objetivos deste equipamento. Para breve está o avanço do serviço de bibliomóvel junto de utilizadores com mobilidade reduzida, um projeto pioneiro em Portugal, complementado com a aproximação do serviço aos centros de dia.

■ Biblioteca um Espaço Vivo

A biblioteca valenciana desenvolve um amplo programa de atividades, ao longo do ano, para o público infantil e sénior, desde as horas do conto, teatro, atelier's, exposições temáticas, conferências, workshop's, clubes de leitura e cursos de introdução ao inglês e informática para seniores, entre outras.

Para o Presidente da Câmara, Jorge Mendes, "A Biblioteca é um espaço que se tem adaptado às novas exigências dos seus públicos, correspondendo às necessidades dos valencianos, desde os infantis aos seniores".

A GUARDA

Mães de mil escolares participaram nas visitas e nos talleres de "EduCastro" no monte Santa Trega

O proxecto "EduCastro", que se desenvolveu no Monte Santa Trega durante o mes de abril acercou a mãs de mil nenos e nenas do Concello da Guarda, O Rosal e Oia, á cultura castrexa. O obxectivo deste programa educativo era mostrar os rapaces e rapazas os modos de vida na Idade do Ferro a través dunha visita guiada o Castro Santa Trega e participando en obradoiros didácticos.

A actividade que está financiada polo Padroado Municipal do Monte Santa Trega, Ministerio de Cultura e a Conxexaría de Cultura do Principado de Asturias, foi un total éxito entre os escolares e tamén entre os profesores.

Segundo valoran os monitores da actividade, o que mãs lles gustou, tanto os nenos coma os docentes, foron os obradoiros nos que había actividades grupais e tamén manuais. Así, afirman que os escolares desfrutaron recreando os debuxos castrexos nunha táboa con area no obradoiro "Símbolos do pasado" e diferentes pezas de cerámica na actividade "A muller e a cerámica na Idade do Ferro". Os instructores confirman que o que mãs lles gustou os nenos e nenas foi poder levar as súas casas os traballos feitos nos obradoiros e enxeñarllos ás súas familias.

Pola súa banda, os alumnos de Secundaria traballaron na actividade "Cazadora na Prehistoria", na que a través de réplicas de ferramentas usadas polos habitantes da Idade do Ferro, coñeceron a forma de facer destes poboadores.

Tras as visitas, que sucedéronse durante todo o mes de abril e simultaneamente no Castro de Santa Trega na Guarda, e en Asturias e Castela León, os monitores afirman que é unha actividade "para repetir".

Agora, tanto os participantes neste programa, como outras persoas interesadas na cultura castrexa, poden obter información na aplicación para teléfonos móbiles e tablets creada polo proxecto e que ten o mesmo nome "Educastro". Alí, ademais de ler datos sobre a vida dos poboadores castrexos e das súas formas de vida, tamén poderán divertirse a través de tres minixogos.



O concello de Porriño renova a súa colaboración co Festival de Cans

O alcalde de Porriño, Nelson Santos, a presidenta da asociación cultural Arela, Keka Iglesias, e o director do Festival de Cans, Alfonso Pato, formalizaron esta mañá a renovación do convenio de colaboración para o Concello dar respaldo a este afamado evento.

O acordo, ademais de incluír a cesión de infraestruturas e servizos e a colaboración en materia de seguridade, tráfico e acondicionamento das diferentes zonas de celebración do festival, mantén a contribución económica de 15.000 euros.

Xa no ano 2010, o Concello asinou un acordo con Arela, asociación responsable da organización do festival, no que, ademais da contribución económica, se recollía a cesión de infraestruturas e servizos, cunha duración de catro anos. Unha vez transcurrido este período, procedeuse á renovación do convenio, incrementando nun 50% a contribución económica, pasando esta dos 10.000 aos 15.000 euros, cantidade que se mantén nesta ocasión.

“Fixemos un importante esforzo por manter a partida destinada

ao Festival de Cans, pero consideramos que, como administración local, debemos contribuir a que esta festa do cine e a cultura se siga celebrando no noso municipio”, explicou o rexidor, “desde o Concello de Porriño apoiaremos sempre este evento, que conseguiu facer soar o nome de Porriño non só en Galiza, senón en España e mesmo a nivel internacional”.

Desde o Concello ademais, contribúese e colabora en cuestións de seguridade e tráfico, así como na limpeza e acondicionamento das diferentes zonas en que se celebrará o Festival.



SE QUERES **PETAMOS A TÚA PORTA** TODOS OS MESES PARA ENTREGARCHE ESTE **NOVO XORNAL** QUE CECAIS AINDA NON COÑECES

RECIBIRÁS COMO **AGASALLO** UN DOS LIBROS QUE ELIXAS*

Participarás cos 100 primeiros suscritores no **SORTEO** desta excelente **TABLET**



BOISCON-CENTER
(Ponteareas)



Historias de vida



Memorias e mestres pontevedreses



Memoria e silencio



O Mito, unha corrente de memoria

*ata final de setembro

Pola suscripción anual a "NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO" pagarás 25 € - Estranxeiro 35€
Pola suscripción de "NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO" + "A NOVA PENEIRA" pagarías 35 € - Estranxeiro 45€
Forma de pago: ingreso na conta EUR IBAN ES40 2080 5435 5730 0011 6877
Entidade **ABANCA** (Sucursal en Ponteareas)
Unha vez comprobado o pago e comunicamos que libro elixes, facilitándonos un teléfono móbil e un e-mail, procedemos ao envío do libro elixido así como informarte do nº que che corresponde para o **SORTEO da TABLET**

**BENVIDO AO NOVO
CLUBE DO EIXO ATLÁNTICO!**

Novas da Raia

Roteiro das 'maias' naturais e em crochet

Vila Nova de Cerveira dá as boas-vindas ao mês de maio com um ambiente colorido e floral. Duas 'maias' em crochet ornamentam a varanda do Município e a fachada da Loja Interativa de Turismo. Os restantes edifícios públicos expõem 'maias' de flores naturais e criativas. Sugestões complementares para uma visita em família ao concelho.

CERVEIRA

Em cada efeméride, a 'Vila das Artes' tem-se afirmado pela elaboração de um programa de atividades familiar, acompanhado de trabalhos artesanais em matéria de ornamentação que convidam o residente ou turista a partir à descoberta de um concelho que conjuga uma beleza natural ímpar com a forte componente artístico-cultural.

Maio é por excelência o mês das flores, e o Município cerveirense presta-lhe uma merecida recepção: com empenho, dedicação e muita imaginação, um grupo de colaboradoras municipais criou duas 'maias' em grandes dimensões, com requisitos comuns dos tons amarelos e verdes e de ser ornamentada em crochet. À varanda da Câmara Municipal pode apreciar-se uma 'maia' constituída por 30 tradicionais jarros todos minuciosamente

trabalhados em crochet, acompanhados pela também tradicional giesta. Na fachada da Loja Interativa de Turismo, cerca de 50 pampulhos dos campos e urze do monte em crochet criam mais um atrativo turístico.

Um pouco por todo o centro histórico da vila, vários edifícios públicos e particulares ganham outra vida com a colocação de arranjos florais, fruto do envolvimento de escolas, IPSS's e comerciantes, promovendo um roteiro das 'maias'. Valorizar as tradições, fomentar a recriação e costumes de hábitos populares e estimular a participação e criatividade artística e cultural são os objetivos subjacentes a esta iniciativa amplamente alcançados pelo envolvimento de toda a comunidade, a quem a autarquia cerveirense deixa um agradecimento público.



Um retrato de Portugal feito por Guerra Junqueiro há 118 anos, mas duma actualidade aterradora

"Um povo imbecilizado e resignado, humilde e macambúzio, fatalista e sonâmbulo, burro de carga, besta de nora, aguentando pauladas, sacos de vergonhas, feixes de misérias, sem uma rebelião, um mostrar de dentes, a energia dum coice, pois que nem já com as orelhas é capaz de sacudir as moscas; um povo em catalepsia ambulante, não se lembrando nem donde vem, nem onde está, nem para onde vai; um povo, enfim, que eu adoro, porque sofre e é bom, e guarda ainda na noite da sua inconsciência como que um lampejo misterioso da alma nacional, reflexo de astro em silêncio escuro de lagoa morta. Uma burguesia, cívica e politicamente corrupta até à medula, não discriminando já o bem do mal, sem palavras, sem vergonha, sem carácter, havendo homens que, honrados na vida íntima, descambam na vida pública em pantomineiros e sevandijas, capazes de toda a veniaga e toda a infâmia,

da mentira à falsificação, da violência ao roubo, donde provém que na política portuguesa sucedam, entre a indiferença geral, escândalos monstruosos, absolutamente inverosímeis no Li-moeiro.

Um poder legislativo, esfregão de cozinha do executivo; este criado de quarto do moderador; e este, finalmente, tornado absoluto pela abdicação unânime do País. A justiça ao arbítrio da Política, torcendo-lhe a vara ao ponto de fazer dela saca-rolhas. Dois partidos sem ideias, sem planos, sem convicções, incapazes, vivendo ambos do mesmo utilitarismo céptico e pervertido, análogos nas palavras, idênticos nos actos, iguais um ao outro como duas metades do mesmo zero, e não se malgando e fundindo, apesar disso, pela razão que alguém deu no parlamento, de não caberem todos numa vez na mesma sala de jantar."





somos
salceda
Coas Letras Galegas




Dédalus en Compostela, de Vicente Risco, editado en banda deseñada

A Deputación de Ourense e a Fundación Vicente Risco publican o famoso relato do escritor ourensán, con ilustracións de Fernando Iglesias.

Por: Jesús Losada

O libro *Dédalus en Compostela*, de Vicente Risco, en formato de banda deseñada, obra co-editada pola Deputación de Ourense e a Fundación Vicente Risco, foi presentada en Ourense. O acto contou coa participación do presidente da Deputación de, Manuel Baltar, o vicepresidente da Fundación Vicente Risco, Luís Martínez-Risco, e o autor das ilustracións do libro, Fernando Iglesias. "Trátase da primeira obra editada en formato cómic pola Deputación de Ourense, referida a un personaxe senlleiro da nosa cultura como é Vicente Risco", explicou Manuel Baltar, quen subliñou "a alianza entre a Fundación Risco e a Deputación para promover e difundir a obra

deste intelectual, máis presente que nunca, porque a súa pegada está nos que seguimos aprofundando na nosa autonomía e na identidade social, histórica e cultural da nosa terra". Baltar recordou que *Dédalus en Compostela* transcorre en 1926 "cando o alter ego de James Joyce peregrina á capital de Galicia levado por unha forza que se asemella a ese impulso misterioso que moveu a tantas e tantos irlandeses a través dos séculos". Na obra, o azar provoca o encontro co narrador (Vicente Risco) e o paseo polas rúas máis entrañables de Compostela, "un territorio especialmente dialogado que atopa no cómic a forza necesaria para chegar con contundencia de seus ász mozas e mozos desta Gallae-

cia do século XXI", afirmou Manuel Baltar, subliñando que a Risco "hai que lelo e releo, e todos temos a obriga de divulgar a súa riquísima e universal personalidade". O ilustrador Fernando Iglesias explicou que obxectivo do seu traballo "foi ser fiel ao relato de Risco, precisamente porque el é o protagonista desta narración. E proba diso é que máis do 70 por cento do texto orixinal da obra está recollido no cómic, que ten un punto fantástico porque o relato tamén o é". Luís Martínez-Risco agradeceu a colaboración e apoio da Deputación de Ourense para levar a cabo proxectos conxuntamente coa Fundación Risco y afirmou que

esta obra "dálle unha nova linguaxe e visibilidade a Vicente Risco para que as novas xeracións se acheguen ao autor". Definiu a obra

como "un libro futurista que reflicte a condena que poden sufrir os pobos que renuncian á súa identidade". De esta nova entrega de *Dédalus en Compostela* editáronse mil exemplares, unha obra que viu a luz por primeira vez en 1929, na revista *Nós*, e que foi posteriormente reeditada en 1961 pola editorial Galaxia.



■ Luís Martínez Risco, Manuel Baltar e Fernando Iglesias, na presentación de *Dédalus en Compostela*.

"DENDE CERO"
En Compromiso por Galicia cremos que a política debe recuperar a confianza da xente. Por iso non levamos imputados nas nosas listas.

CxG
COMPROMISO POR GALICIA

compromiso.gal

PORRIÑO ES TI!

Javier Hermida
Candidato á Alcaldía

Ourense

Os cen números da Trabe de Ouro, da editorial Sotelo Blanco

O Consello de Redacción da revista *A Trabe de Ouro* propúxose realizar unha xira de presentacións por todo o País co gallo de celebrar o seu número 100, que supón 25 anos de vida dun proxecto que lle dá a Galicia unha fonte significativa de pensamento crítico.

Por: Jesús Losada

Logo da presentación en Santiago celebráranse actos de difusión en A Coruña, Vigo e Ourense. O proxecto comezou a súa andaina en 1990 cun número xa mítico ategado de colaboracións de primeira liña que abordaban os temas que xeraban máis interese no panorama do pensamento galego e internacional. No acto de Santiago, Antón Figueroa, membro do Consello de Redacción, subliñou que o proxecto da Trabe nace do «compromiso co noso tempo e a nosa terra» para ofrecer unha «reflexión crítica» da realidade. Estas foron, segundo él, «as constantes da nosa publicación». Agradeceu aos lectores a súa estima polo proxecto porque «eles son o noso fundamento. Pode haber escritura sen lectura, pero non hai textos sen lectores». Logo de facer unha introdución dos contidos do número 100, Antón Figueroa fixo unha reflexión sobre o momento que están a vivir as culturas nacionais que, debido ao dominio do neoliberalismo «pode chegar un momento no que se reduzan a un mero espectáculo exótico internacional». Neste sentido, afirmou a dobre función do pensamento crítico: unha, «analizar os procesos para evitar convertérmolos en mercadería exótica destinada á curiosidade turística que non dialoga nunca con nada»; a outra: «saír da autosuficiencia fatal e existir na medida en que sexamos capaces de xerar unha reflexión en diálogo co pensamento universal».

Olegario Sotelo Blanco, pola súa parte, logo de lembrar os agoiros que presaxiaban que a existencia da revista non pasaría dos tres números, sinalou que *A Trabe de Ouro* é o buque insignia da editorial Sotelo Blanco porque «un libro publícase e punto, mentres que a revista hai que publicala cada tres meses». Para él, o



■ Presentación: Xose Manuel Beiras, Olegario Sotelo Blanco, Xosé Luís Méndez Ferrín e Antón Figueroa na Facultade de Filosofía de Santiago.

mérito do proxecto non é da editorial, senón do director e do Consello de Redacción que «levan vinte e cinco anos colaborando con ánimo xunto á xente da editorial». Os segredos de que se chegase aos cen números son para Olegario Sotelo Blanco «a concordia e a amizade que hai entre todos os membros do Consello da Trabe». Finalmente, afirmou que chegar ao número cen constitúe unha meta xa cumprida e desexou poder seguir dándolle vida ao proxecto.

Xosé Manuel Beiras agradeceu a «todos os homes e mulleres que levan adiante esta fazaña patriótica, no mellor sentido da palabra, e manter viva *A Trabe de Ouro*», e cualificou de «entrañable» a relación de equipa que existe entre todos os colaboradores da publicación. O tamén par-

lamentario galego considera que o fenómeno da Trabe é «insólito», pois é «impensable para todos os ven Galicia desde fóra, con ollos de colonialistas ou simplemente de forasteiros que non lles interesa saber nada deste país (non sendo os mariscos), sobre o que pensan que a xente fala un dialecto estraño que pouco máis serve que para falar coas vacas». Beiras fixo, así mesmo, un paralelismo da Trabe co período da Xeración Nós polo alto nivel cultural que ambos acadaron e salientou o labor heroico de fenómenos coma os da Trabe e as editoras galegas, sobre todo as pequenas, na defensa da existencia de Galicia fronte ao proceso de exterminio, o que nos obriga a pensar que o traballo da cultura ten que ser un labor que non pense só na cul-

tura, senón na relación indisoluble entre a instancia cultural, a sociedade, as relacións de produción e as clases sociais populares.

Xosé Luís Méndez Ferrín comezou agradecendo a todo equipo que participa na Trabe, porque sen el non existiría a revista. Neste sentido apuntou que Olegario Sotelo Blanco merece unha homenaxe nacional «polo seu traballo desinteresado a prol da cultura galega». Tamén destacou que na *Trabe de Ouro* «se traballa en réxime de voluntariado», pois «non se pagan as colaboracións, non se paga quilómetros, nin dietas». Engadiu que esta revista «crea suspensas no poder, inimidades fronteais... O poder "autoanémico" respondeu negándolle calquera tipo de subvención». Salientou tamén o traballo gráfico

de Francisco Mantecón por entender con tanta precisión o tipo de revista que quería ser a Trabe: «fixo unha revista sen cores, unha revista para ler, para pensar para acción, para transformar o mundo e para transformar Galicia». Segundo él, a revista nace nun momento no que comeza a hipertrofia iconográfica e sensorial e de decadencia do pensamento». Naquel tempo cae o muro de Berlín e interprétase como o fracaso do comunismo («hoxe nós vivimos o fracaso do capitalismo», subliña Ferrín), e naquel tempo non se podía publicar en Galicia se non pertencías ao aparato cultural artellado polo poder autonómico, «estabamos expulsados de todas partes, «non había forma nin maneira... e entón había que facer unha revista de pensamento, e fíxose». Neste sentido, o director da Trabe propuxo a publicación nun libro con todos os editoriais da revista para ter unha ferramenta de observación de como foi evoluíndo a historia do país. Ferrín pechou o acto chamando á unidade ideolóxica do nacionalismo e da esquerda que hoxe é unha realidade tanxible: «algún día, estaremos todos xuntos, e se esa unidade non se produce, a unidade dos antifascistas, demócratas, nacionalistas e as xentes de esquerda, este país seguirá vencendo o noso inimigo xurado que nos quere conducir á extinción. E iso non imos deixarllo facer, nin dentro nin fóra da Trabe de Ouro».

Logo da presentación en Santiago celebráranse actos de difusión en A Coruña, Vigo e Ourense. O proxecto comezou a súa andaina en 1990 cun número xa mítico ategado de colaboracións de primeira liña que abordaban os temas que xeraban máis interese no panorama do pensamento galego e internacional.



■ O Consello de Redacción está composto por: Rosa López, Francisco Fernández Rei, Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Outeiriño, Antón Figueroa, Marcial Gondar, Francisco Sampedro e Xosé Manuel Salgado.

Ourense

Vigo

Patricia Román gaña o XII Premio “Pura e Dora Vázquez” de Ilustración

Por: Jesús Losada

O xurado deu a coñecer o fallo na Deputación de Ourense, destacando da obra “a orixinalidade das ilustracións, que se adaptan moi ben ao texto premiado na modalidade literaria e axudan a narrar a historia”.



■ Integrante do xurado do premio literario Pura e Dora Vázquez.

A ilustradora de Ciudad Real Patricia Román Ortega foi a gañadora da XII edición do premio “Pura e Dora Vázquez de Ilustración Infantil e Xuvenil”, que convoca a Deputación de Ourense, dotado con 1.500 euros, co obxectivo de recoñecer a calidade literaria e artística de traballos creados para nenos e xóvenes, fomentar a lectura entre este público e valorar a figura das escritoras ourensás Pura e Dora Vázquez. O xurado, reunido no Centro Cultural “Marcos Valcárcel”, recoñeceu da obra premiada “a orixinalidade das ilustracións, que se adaptan moi ben ao texto premiado na modalidade literaria e axudan a narrar a historia”, ademais de destacar a técnica empregada para a realización das ilustracións e a calidade do conxunto da obra. O xurado -que adoptou por unanimidade a súa decisión-, estivo presidido polo deputado de Cultura da Deputación de Ourense, Avelino García Ferradal, e integrado polos vogais: María Rosa González Mén-

dez, Luis Gulín Iglesias, Xosé Manuel Fernández López e Xosé Manuel Cid Fernández. Como secretaria actuou Ana María Mallore Rodríguez. Patricia Román gaña este certame por segundo ano consecutivo. É natural de Alcázar de San Juan (Ciudad Real). Estudia Belas Artes en Aranjuez e na súa formación figura un Ciclo Superior de Ilustración e formación no IES Felipe II, centro asociado á Universidade Complutense. Tamén foi bolseira do programa Erasmus en Berlín. Os traballos de ilustración presentados ao certame, de diferentes estilos e temáticas, baseáronse no texto gañador do premio de narración, Bicha, da escritora coruñesa Eli Ríos (Londres, 1967), unha obra da que o xurado destacou “o atractivo que teñen para o lector os personaxes e a importancia que o relato da á amizade entre nenos e animais, ademais de axudar a narrar a historia dentro do espírito do premio”.

O premio “Pura e Dora Vázquez” é un dos máis prestixiosos certames literario-artístico de Galicia, dirixido ao público infantil e xuvenil, que leva o nome das nomeadas escritoras e poetisas ourensás Pura e Dora Vázquez, que tanto traballaron ao longo da súa vida a prol da cultura e da educación dos máis novos. O certame ten como obxectivo fomentar a lectura no público máis novo e á vez recoñecer o traballo de autores literarios e artísticos, unindo na obra premiada estas dúas disciplinas creativas. O libro incluírá o texto gañador e as ilustracións escollidas polo xurado, e empregarase como elemento de difusión e divulgación en campañas de animación á lectura. O premio “Pura e Dora Vázquez”, nas súas modalidades de narración e ilustración, entregarase no decurso dun acto literario que terá lugar o vindeiro mes de xuño na Deputación de Ourense.

Compromiso por Galicia denuncia ao Goberno vigués por denegarlle o uso dun auditorio municipal

galiciaconfidencial.gal

O concello alega que non cede espazos para actos da campaña electoral. CxG di que xa utilizou ese espazo para outras conferencias.

Compromiso por Galicia acusou ao Goberno vigués de impedirle usar o auditorio do edificio municipal do Areal, antigo reitorado, para unha conferencia do seu líder, Miguel Barros, a pesar de “que é habitual o uso desta infraestrutura municipal para infinidade de actos, en moitos casos de partidos políticos”. O concello alegou que non cedía o espazo “para actos da campaña electoral”. Para a formación galeguista resulta claro que hai unha “clara intención política” en impedir, a poucos días do inicio oficial da campaña electoral, o acto de CxG. Ademais, lembran que ese mesmo auditorio ten sido utilizado por dirixentes deste partido noutras conferencias anteriores sen ningún tipo de impedimento. A conferencia, que estaba solicitada como tal e non como acto

político, tiña como título “A construción política da Área Metropolitana de Vigo: dende o Plan comarcal Antonio Palacios até hoxe” coa intención de repasar a evolución histórica da Área metropolitana durante o século XX. Para Henrique Macías, responsable local de CxG, a denegación por parte da alcaldía só ten o significado de “intentar restar protagonismo ao histórico exdirixente socialista a poucos días do inicio da campaña electoral e quitarlle, na medida do posible, visibilidade nun electorado próximo ou común co partido socialista trasladando, tras este boicot político, a impresión de que o alcalde e o seu equipo deben ter algún tipo de preocupación ou medo pola repercusión da campaña electoral de Miguel Barros



■ Rafa Cuiña e Miguel Barros nun acto do partido.

Monforte

Programación cultural e literaria ao longo do mes de maio

Por: Jesús Losada

O Concello de Monforte presenta un completo programa de actividades organizado para conmemorar o Día das Letras Galegas. Trátase dunha proposta de actividades culturais e literarias que darán comezo o 6 de maio e non rematarán ata o día 29. Inclúen desde exposicións, ata teatro, música, certames e espectáculos para nenos e maiores. Unha proposta completa con máis dunha dúcia de actividades para celebrar, ao longo de todo o mes, a xornada festiva do 17 de maio. Na Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro do 7 ao 29 de maio abre a exposición 17 Olladas, de J. M. Rodríguez. Tamén haberá visitas guiadas á exposición "Terra e Letras de Lemos rutas históricas literarias por Monforte" para alumnos de secundaria dos centros de en-

sino, e público en xeral. Ruta "Coñece Monforte" para alumnos de educación primaria. Espectáculo de humor, de Alberte Montes, con "Galego pode selo calquera. Manuel do bo galego" o xoves día 14 no centro cívico ás 20,00 horas. Concerto de corais coa participación dos grupos: Coral de Ponte e Coral Polifónica do Concello de Monforte, o sábado 16 ás 18:00 horas na Casa da Cultura. Presentación do libro de Amadeo Goyanes, "As zanfoneiras de Monforte", o sábado 16 na Praza de Abastos. No programa Ler conta moito "Imos a xogar con Filgueira", obradorio para nenos e nenas de 6 a 12 anos, o 21 de maio ás seis da tarde na Biblioteca Pública. Teatro Lila representará "Bestiario" o venres día 29 ás 20:00 horas na Casa da Cultura.



■ Na Casa da Cultura de Monforte desenvolveránse varios actos durante o mes de maio

Mos

Os Bolechas van a Mos polo Camiño de Santiago con motivo do Día do Libro



As aventuras dos Bolechas están protagonizadas por seis irmáns e o seu can:

Os Bolechas presentarán o seu libro Os Bolechas van a Mos o vindeiro domingo, 19 de abril, ás 18.00 horas na Carballeira de Santiaguíño, parroquia de Guizán; e en caso de mal tempo a presentación trasladaríase ó Multiusos das Pozas (Petelos).

Os Bolechas naceron da man do ilustrador Pepe Carreiro e convertíronse nun fenómeno de masas. Son seis irmáns máis un can que viviron toda clase de aventuras por Galicia e que nesta ocasión van visitar Mos polo día da Letras Galegas.

As aventuras dos irmáns Bolechas chegarán o domingo día 19 á Carballeira de Santiaguíño, onde todos os rapaces coñecerán o novo libro dos seus pequenos heroes. Os Bolechas Carlos, as xemelgas Pili e Loli, Braulio, Sonia e Tatá, acompañados todos do seu inseparable husky siberiano Chispa, presentarán nesta ocasión o seu libro Os Bolechas van a Mos, unha fermosa e divertida aventura que acontece no Camiño de Santiago ao seu paso por Mos. Máis datos sobre Os Bolechas

Carlos Bolechas: é o irmán maior (uns 7 anos), é o "responsable" e o que, por idade, ten que facer fronte ás situacións máis comprometidas, non sen medo; é o que máis relación ten con Chispa, o can da serie; é comellón, algo bruto, equilibrado e os seus xoguetes favoritos son os bonecos tipo "Supermúsculos".

- **Loli Bolechas:** xunto con Pili, a súa irmá xemelga, é a segunda en idade (uns 6 anos); é activa, positiva, un punto frívola;

- **Pili Bolechas:** é semellante á súa irmá xemelga, aínda que un pouco máis seria.

- **Braulio Bolechas:** é o terceiro en idade (5 anos); tímido, non quere que o vexan nu nin na súa intimidade; é o máis cerebral dos irmáns e algo despistado;

- **Sonia Bolechas:** é a cuarta en idade (3 anos); é caprichosa e algo contista e acusona;- **Tatá Bolechas:** é o máis pequeno da familia (9 meses); aínda non fala nin anda; é un bebé "serio", pouco dado ás andrónmenas propias da súa idade;

- **Chispa:** é un can de raza husky siberiano; anda sempre entre os donos; a súa presenza, aínda que discreta, faise notar; é un can de peso, pouco dado a ladrar sen motivo.



Costa da Morte

Vinte nen@s sen praza escolar

Por: Ubaldo Cerqueiro

Vén de lonxe a problemática escolar en Carballo. Xa o ano pasado os pais e nais da zona do CEIP Fogar erúéronse esixindo a apertura dunha aula de infantil, i é que son moitos os nacementos nesta zona carballesa e as prazas de escolarización non son suficientes.

Onte celebraban unha concentración ás portas do Concello carballés, e, a pesar do mal, tempo, un centenar de pais apoiaron esta reivindicación tan básica como a escolarización dos seus pequenos.

Así, a día de hoxe, quedan 20 familia afectadas, con 20 nen@s que se quedan sen praza no CEIP Fogar por un mero problema político-económico. “O problema vén de lonxe”, recoñece Marcos Díaz, un dos pais afectados. “En Carballo, como en todos lados, hai unhas zonas e dase unha puntuación segundo proximidade ao centro, e a zona do Fogar é moi ampla e se masifica dende fai anos. Mesmo a Consellería recoñeceu-nos á ANPA que hai un problema co mapa de zonas pero por agora non o solventaron, e iso que **hai 8 anos que se vén producindo este problema**”.

Uns pais e nais que manteñen unha forte unión nas últimas semanas, esixindo a resolución dun problema que pode deixar a 20 nenos sen escolarizar. E realmente, solventaríase coa creación unha cuarta aula de infantil no centro carballés. Pero aí entran os cartos e de feito dende a Xefatura de educación xa deixaron caer que era practicamente imposible abrir outra aula, porque o centro está bastante saturado, e iso impediría outras actividades noutras aulas.

“En termos económicos, que ao final é o que importa”, recoñece Díaz, “**á Xunta o que lle supón é poñer un profesor máis, que se miras o coste por neno é moi baixo, e moito menor que o imos gastar en garderías ou en transporte**”.

Ademais do económico hai un problema político en cernes. O Concello carballés, gobernado polo BNG dende hai anos, asegura que leva enviado todas as propostas á Xunta en tempo, mentres a Xunta asegura que non o manda correctamente. En todo caso, e de cara á posible apertura da 4ª aula, o Concello



■ Pais e nais esixindo a escolarización no CEIP Fogar de Carballo ás portas do Concello

xa afirmou que asumiría todos os gastos dunha posible reforma no CEIP Fogar, polo que só fai faltaría que enviasen un profesor dende a Xunta.

Outras opcións

Un dos puntos que máis critican os afectados é que falamos dun asunto que xa se ten quesaber dende lonxe, a raíz dos nacementos anuais. I é que arredor dun 25% dos nenos que pediron praza nova este curso non foron admitidos na zona, un asunto do que as administracións deberían saber de antemán, e deberían ter buscado solucións. Pero os recortes en educación seguen traendo consecuencias coma esta.

Os propios pais e nais afectados xa están traballando en buscar solucións. “Os pais fomos punteando entre os nós para ver quen quería ir ao CEIP Bergantiños ou a unha segunda aula na escola Unitaria de Mirón, en Bértola, pois os que van a Mirón pasan dentro de 3 anos ao Fogar, e é un centro onde podería acondicionar unha segunda aula”.

Todo vén ademais por un problema colateral, i é que no colexio da Milagrosa hai moi poucas solicitudes, de feito a pesar das 50 prazas ofertadas, este ano non chegaron 10 solicitudes.

O caso é que “hai xente que mesmo mercou casa preto do Fogar para levar alí aos

seus fillos, e agora atópanse con este problema”. E se ben indican que pode haber xente que aproveita un “falso” empadronamento para aproveitarse da praza, non quere levar o asunto ao eido persoal.

Unión

Por agora “a xente está comprometida, hai unión, e iso é fundamental”, apunta Díaz. Xa estivemos a semana pasada na Xefatura da Coruña falando cun Inspector da nosa zona, pero agora **queremos reunir-nos con Indalecio Cabana, Xefe Territorial de Educación**, para formalizar as nosas peticións.

“Admitir que hai 20 pais que non van a escolarizar aos seus fillos é algo moi triste”, conclúe.



■ Loita pola escolarización no CEIP Fogar de Carballo



Novas da Raia

O concello da Guarda cede un local á asociación “Conrazones” para que desenvolva a súa labor social

O alcalde da Guarda, José Manuel Domínguez Freitas e o presidente da Asociación “Conrazones”, José Antonio Gómez, asinaron hoxe un convenio no que o Concello cede o uso da escola unitaria de Sete Camiños a este colectivo para que desenvolva a súa labor coas persoas máis desfavorecidas.

A GUARDA

Na sinatura, que tivo lugar no propio local e na que estiveron presentes o Concelleiro de Cultura, Antonio Lomba, a Concelleira de Servizos Sociais M^a Teresa Vicente, e membros directivos da asociación, ambas partes mostráronse moi satisfeitos. “Nestes momentos o Concello debe traballar coas persoas máis necesitadas e se esta asociación o está a facer, nós temos que estar o seu carón para que poidan traballar nas mellores condicións”, afirmou o alcalde da Guarda.

Pola súa banda, o presidente de “Conrazones” destacou que este novo local é unha mellora, sobre todo, para as persoas que acoden a eles en busca de axuda. Gómez recalcou que é o lugar axeitado xa que está “apartado do centro”, polo que lles da intimidade ós usuarios. “Agora poderemos ter o roupeiro separado do banco de alimentos, teremos unha zona para as oficinas e tamén un espazo para gardar os utensilios da horta... estamos moi contentos”, contou Gómez.

Os columpios que están na zona verde da escola, afirmou o presidente da asociación, tamén lles serven para entreter ós nenos mentres os seus pais recollen, por exemplo, os paquetes de comida. “É moi

importante distraer ós rapaces. Aquí parece que agora veñen xogar”, contou Gómez.

O presidente da Asociación quixo destacar que a súa liña de traballo está na procura de necesidades que non estaban cubertas con outras entidades. De este modo, conta Gómez, nace por exemplo a horta solidaria ou o roupeiro.

Na actualidade, “Conrazones” atende a máis de 80 persoas polo que manifestaron que era “primordial” contar cun local no que levar a cabo as súas tarefas.

José Manuel Domínguez non dubidou en agradecer a esta asociación, e o resto de entidades coma a Cruz Roja, San Vicente de Paul, Avelaíña, San Xerome Emiliani e As Samaritanas, o traballo que fan coas persoas máis necesitadas. “Sería moi difícil para o Concello, se non existisen todas estas entidades, afrontar todas as necesidades que presentan as persoas”, afirmou o alcalde da localidade.



I premio Anton Risco de Literatura Fantástica

Urco Editora, en colaboración coa Fundación Vicente Risco, Sacauntos Cooperativa Gráfica, Librería Aira das Letras, Livraria Traga-mundos, Pastelería Fina Rei e Restaurante Pingallo, convocan conxuntamente o «I Premio Antón Risco de Literatura Fantástica», a fin de homenaxear o escritor e teórico da literatura alaricano Antón Martínez-Risco Fernández. Continuador do gusto polo fantástico do seu pai, don Vicente Risco (a quen podemos considerar introdutor do xénero fantástico na literatura galega coa obra Do caso que lle aconteceu ao Dr. Alveiros en 1919), Antón Risco foi un profundo teorizador da literatura fantástica con obras como Serpentina (Notas de un lector de poesía), Quebec (Canadá), Ediciones Hipogrifo, 1986; Literatura

fantástica de lingua española (Teoría y aplicaciones), Madrid, Taurus, 1987; Viaxes á América Latina á procura de literatura fantástica. Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1987. Tamén cabe salientar o seu labor de editor en Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega, Vigo, Galaxia, 1991. Asemade, foi prolífico escritor de novelas e relatos fantásticos, moitos deles aínda inéditos. Por tal motivo e co fin de continuar o seu labor de divulgar o xénero fantástico convoca este premio conforme as seguintes BASES:

Primeira: Poderá concorrer a este premio calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría redactados en lingua galega ou portuguesa conforme a unha das seguintes normativas: RAG, AGAL ou Acordo ortográfico da lingua portuguesa, cunha extensión mínima de 100 folios e máxima de 250.

Segunda: O prazo de entrega remata o día 31 de agosto de 2015 e os orixinais deberán entregarse na sede de Urco Editora, en Rúa do Avío, 11 baixo – 15705 Compostela, ben de xeito presencial, ben por correo postal ou mensaxería, sen que consten no exterior datos identificados do/a autor/a.

Terceira: Para garantir o anonimato, os

orixinais presentaranse por quintuplicado e en soporte papel en tamaño DIN-A4, mecanografados en letra Times de corpo 12 por unha soa cara e a dobre espazo, e debidamente encadernados.

Calquera orixinal entregado en letra Comic Sans será automaticamente descartado e o/a autor/a denunciado/a ante as autoridades competentes.

Os orixinais irán acompañados dun sobre

fechado que conterá a identidade do/a autor/a (nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico) e o título de nitivo da súa obra, facendo constar no exterior só o título ou lema da obra.

Cuarta: A obra ganadora será premiada con 3000 euros (suxeitos ás retencións scais pertinentes) e a publicación do libro.

Quinta: O Xurado estará composto por cinco persoas escollidas entre

personalidades reconecidas do mundo da literatura e da edición.

Sexta: Se a calidade literaria das obras no fose estimábel, segundo o criterio do Xurado, o premio poderá declararse deserto.

Sétima: A contía do premio considérase en concepto de adianto polos dereitos de autor, polo que Urco Editora e demais convocantes, resérvanse o dereito de publicación da primeira edición da obra ganadora en lingua galega. O/A beneficiario/a do premio, recibirá gratuitamente 25 exemplares da obra publicada e na adquisición doutros exemplares contará cun desconto do 50%. Asemade, a persoa ganadora do premio será convidada a formar parte do xurado na seguinte edición.

Oitava: Os orixinais que non resulten premiados serán devoltos aos seus autores e autoras no caso de o requiriren por escrito antes de rematar o mes seguinte á decisión do Xurado.

Novena: O fallo do xurado terá lugar en Allariz, na Fundación Vicente Risco, o día 1 de novembro de 2015.

Décima: A participación neste premio leva de seu a aceptación das presentes Bases, así como a decisión do xurado, que será inapelábel.



Fundación Vicente Risco

Redondela

Programación das Letras Galegas 2015

O Servizo de Normalización Lingüística e a Concellaría de Cultura organizan as actividades programadas para celebrar as Letras Galegas 2015, dedicadas este ano a Xosé Filgueira Valverde.

A Real Academia Galega decidiu dedicar as Letras Galegas 2015 ao insigne escritor e historiador pontevedrés, "para saldar unha débeda histórica que a RAG tiña con Filgueira Valverde", en palabras do seu presidente Xesús Alonso Montero, quen "destaca o seu irreprochable compromiso coa defensa e promoción da cultura galega, así como o seu legado intelectual, que constitúe, pola súa amplitude e calidade, un dos máis importantes da segunda metade do século XX".

A celebración das Letras Galegas 2015 no Concello de Redondela inclúe as seguintes actividades:

Mércores 6 de maio, ás 20.30 h, na Casa da Cultura.

Presentación do libro publicado por Edicións Xerais de Galicia, "Xosé Filgueira Valverde, biografía intelectual" (Xesús Alonso Montero), a cargo de Fernando Filgueira Iglesias, membro do padroado da Fundación Filgueira Valverde e fillo do homenaxeado.

Domingo 17 de maio, ás 12.00 h, nos Xardíns da Alameda.

Acto institucional e ofrenda floral diante da estatua de Daniel Castelao.

Ás 12.30 h, no auditorio da Xunqueira, concerto do Coro Rías Baixas, dirixido por Bruno Díaz, cun repertorio de música galega centrado en composicións do músico ponteareán Rogelio Groba, entre as que se inclúe a cantata "Anxos de Compostela", sobre textos de Filgueira Valverde.

Mércores 20 de maio, ás 20.30 h, na Casa da Cultura.

Relatorio de Henrique Monteagudo, profesor da USC e secretario da RAG: "O trovador Johan Soarez Somesso, señor de Chapela (1200-1250)".

Do 11 ao 30 de xuño, a sala de exposición I do multiúsos da Xunqueira acollerá a exposición, patrocinada pola Deputación de Pontevedra, "Xosé Filgueira Valverde. Un faro na construción de Galicia". Poderá visitarse no horario de apertura habitual da instalación, de 9.00 a 14.00 h e de 16.30 a 21.30 h.

Con esta programación preténdese achegar a obra e a figura de Filgueira Valverde, autor dunha extensa obra de carácter divulgativo que o converte nunha das figuras centrais da cultura galega do século XX; mostrar a capacidade e a utilidade das nosas letras para xerar creacións musicais de calidade, e divulgar, tamén, algúns autores máis descoñecidos cunha especial vinculación co noso concello.



mércores 6 de maio
Casa da Cultura, 20:30 h



"Xosé Filgueira Valverde, biografía intelectual"
(X. Alonso Montero)
Presenta o libro Fernando Filgueira Iglesias

domingo 17 de maio
Xardíns da Alameda, 12:00 h



Acto institucional
Ofrenda floral

Auditorio da Xunqueira, 12:30 h



Concerto
Coro Rías Baixas
Director: Bruno Díaz

mércores 20 de maio
Casa da Cultura, 20:30 h



Relatorio de Henrique Monteagudo
"O trovador Johan Soarez Somesso, señor de Chapela (1200-1250)"

Do 11 ao 30 de xuño

Exposición
"Xosé Filgueira Valverde. Un faro na construción de Galicia"
Multiúsos da Xunqueira (Sala I)



Novas da Raia

CERVEIRA - TOMIÑO

Contagem decrescente para a I Taça Ibérica de Trail Cerveira-Tomiño

Já são cerca de 200 os inscritos na I Taça Ibérica de Trail Cerveira-Tomiño agendada para 10 de maio, no rio Minho, com a distância de 20km a ser a mais procurada, revelou a organização durante a apresentação oficial que decorreu, sábado ao final da tarde, na Biblioteca Municipal. Inscrições estão abertas até 04 de maio, via on-line em www.cyclonesports.com ou presencial no Pavilhão Municipal de Desporto de Vila Nova de Cerveira. Pedro Caprichoso é o padrinho da prova



ULTRA TRAIL - 50K • TRAIL - 20K • CAMINHADA - 10K

A Vereadora, Aurora Viães, o Presidente da EDV, Rui Silva, e o responsável da seção de Trail da EDV, José Carlos Alcobia, abordaram a excelente receptividade que o evento desportivo está a ter junto de portugueses e espanhóis, prevendo-se que, até ao dia da prova, o número de participantes ultrapasse as três centenas. Constituída por três provas – 50km trail; 20km trail e caminhada 10km –, a distância mais procurada tem sido os 20km.

Por outro lado, a organização reforçou as notáveis condições e potencialidades que o Concelho oferece para a prática desta modalidade em crescimento, numa conjugação perfeita da paisagem com as características técnicas do percurso. Apesar de ser a primeira edição, não há dúvidas de que a Taça Ibérica de Trail Cerveira-Tomiño “tem potencial

para vir a ser uma referência a nível nacional”.

A I Taça Ibérica de Trail constitui-se como mais uma oferta de desporto em contacto com a natureza, com o rio Minho como elemento de ligação. O evento desportivo, apadrinhado por Pedro Caprichoso, é constituído por três provas: o Trail 50km percorre caminhos e trilhos do Concelho de Vila Nova de Cerveira, numa distância aproximada de 50 km e 3.100 metros de desnível acumulado positivo, com início às 08h00 do Cais de Goián e fim em Vila Nova de Cerveira; o Trail 20km, com partida às 10h00, tem um carácter competitivo e desnível acumulado positivo de aproximadamente 1500 metros; e a Caminhada 10km, com partida às 10h00. Estas duas provas têm ponto de partida do Parque de Lazer do Castelhinho de Vila Nova de Cerveira.

CERVEIRA - TOMIÑO - VALENÇA



Centro de Formação para dotar professores de competências em socorrismo

Cerca de 25 professores do pré-escolar, 1º, 2º e 3º ciclos dos concelhos de Vila Nova de Cerveira, Caminha e Valença veñen de receber formação na área dos Primeiros Socorros e Suporte Básico de Vida. Ação formativa, que decorreu até dia 30 de abril em Vila Nova de Cerveira, com a colaboração da autarquia.

Com o propósito de dotar os docentes de alguns conhecimentos e competências, no âmbito dos primeiros socorros que possam vir a ser necessários em contexto escolar, esta ação pretende transmitir noções básicas de auxílio a situações de emergência. Não obstante, a introdução no próximo ano letivo de novas metas nos programas de Ciências Naturais do 9º ano faz com que esta temática formativa seja pertinente para os docentes da disciplina explorarem os seguintes conteúdos: Sistema Integrado de Emergência Médica; Exame Geral da Vítima; Suporte Básico da Vida; Asfixia e obstrução da via aérea; Hemorragias; Feridas e Queimaduras; Intoxicações;

Lesões músculo-esqueléticas; Alterações do conhecimento.

Organizada pelo Centro de Formação do Vale do Minho, esta ação “Primeiros Socorros e Suporte Básico de Vida” contou com a parceria do Agrupamento de Escolas de Vila Nova de Cerveira e do Programa de Emergência Social. A Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira também se apresenta como um parceiro direto na concretização desta iniciativa, através da cedência de um técnico superior da autarquia com amplas competências e conhecimentos em socorrismo, enquanto formador há alguns anos e voluntário na corporação dos Bombeiros Voluntários de Vila Nova de Cerveira.

Madrid

José Ramón Ónega recoge el premio “Administración Judicial Electrónica 2015” concedido a la Dirección Xeral de Xustiza de Galicia

El delegado de la Xunta de Galicia en Madrid representó al Gobierno gallego en el acto de entrega de los Premios

El delegado de la Xunta de Galicia en Madrid y director de la Casa de Galicia, José Ramón Ónega, en representación de la Xunta de Galicia, recogió hoy el Premio “Administración Judicial Electrónica 2015” que le ha sido concedido a la Dirección Xeral de Xustiza de Galicia. Le fue entregado por el secretario general de la Administración de Justicia del Ministerio de Justicia, Antonio Dorado Picón.

Los Premios “Administración Judicial Electrónica 2015” están organizados por la Fundación Socinfo y la revista “Sociedad de la Información”; su jurado ha concedido quince galardones este año y el otorgado a la Xunta

de Galicia reconoce su trayectoria tecnológica.

Fueron entregados en un acto celebrado en la sede de la Asociación de Prensa de Madrid y entre los distinguidos con ellos también figuraban el Departamento de Justicia de la Generalitat de Cataluña, la Viceconsejería de Justicia del Gobierno de Canarias, el Servicio de Informática Judicial de la Junta de Andalucía, varios departamentos del Ministerio de Justicia, el Centro de Estudios Jurídicos, la Audiencia Nacional, la Fiscalía General del Estado, el Consejo General del Poder Judicial, el Consejo General de la Abogacía Española y el Consejo General de Procuradores de España.



■ Jose García Méndez, de Sociedad de la Información, Dorado Picón e Ónega

A sobrecarga de traballo deteriora a atención nas Residencias Públicas de Maiores

“Non podemos atender mellor porque o corpo está canso, non por falta de ganas”, denuncia unha traballadora

As traballadoras de Residencias Públicas de Maiores arrastran tres anos sen poder librar domingos nen festivos. No 2012, a Lei de Medidas para reducir o déficit público nas Administracións recortou diversos dereitos recollidos no V Convenio para Persoal Laboral da Xunta de Galiza inhabilitando, entre outros, o artigo 19 que outorgaba o 75 por cento das horas realizadas en compensación por traballar domingos e festivos. Isto implica unha perda de entre 20 e 30 días de descanso cada ano e deixa aberta a posibilidade de traballar varios domingos seguidos.

“A supresión do artigo 19 fíxose baixo a promesa de que, aos dous anos, volvería a reactivarse pero iso xamais pasou”, indica Fátima Veiga, traballadora do Centro de Volta do Castro, que nunha entrevista no Novas de Galiza acusou á Xunta de precarizar o servizo de Residencias a Maiores para facilitar a súa privatización.



A traballadora sostén que non teñen guindastres suficientes, escasean os pañais, as sábanas e as toallas teñen remendos “como na posguerra” e mesmo non se fan contratacións para cubrir os días de asuntos propios. Ante a falta de recursos materiais e a redución de dereitos laborais, as traballadoras sintense incapaces de poder ofrecer a mesma atención ás persoas que coidan. “Non podemos atender mellor porque o corpo está canso, non por falta de ganas”. Esta situación, para Veiga, converte as coidadoras de Residencias Públicas de Maiores nas “novas escravas da Xunta de Galiza” tendo como “único obxectivo deixar que os servizos públicos sexan insostibles para dar a xestión a unha empresa externa amiga”.

As traballadoras ven na reforma laboral a ferramenta culpable da precarización xa que posibilita os despidos por causas obxetivas ou relacionadas coa produtividade.

“Perico” en Ourense e Lugo

Por: Jesús Losada

GUÍA GASTRONÓMICA

A Taberna do Perico está situada na rúa da Unión, detrás da catedral de Ourense. É un bar de tapas no que se pode comer ben. Na entrada recíbenos unha armadura medieval (ás veces ten unha romana) e no interior espadas e motivos medievais colgados das paredes de pedra. Nun reservado, aí motivos rurais e antergos da Galicia profunda. As

mesas, bancadas e tallos son de madeira o que fan un local, rústico, acolledor e íntimo, no que se pode degustar patacas asadas con raxo e champiñós, petiscos, tostas, as Pericopizzas, Periburguer, carnes verbellas e de porco. Tamén queixos á brasa, cazolas de cogumelos e combinado especial de carnes (costela de porco, de tenreira, ás de polo, chourizo e patacas asadas), e o soado "Pincho Perico" (boliño con lombo, cogo-

melos á prancha e salsa Perico). De tódolos xeitos a gran paixón de Perico e cociñar con brasas. "Perico" presume dos seus pratos estrela: bacallau á brasa (lombo inteiro que enche a dúas persoas) e a carne boi tamén á brasa. E anuncia a súas próximas creacións: pementos de Herbón (Padrón) á brasa e o "Perico mexicano". Para a sobremesa: flans de queixo (que ten todos os días) e, alternativamente de castañas, mango chocolate e fambruesa. Abre de martes sá-



■ Perico preparando o xantar para a III Cohors Lucensium, no Arde Lucus de 2014.



■ Pedro Fernández co persoal da taberna, en Ourense.

bado; domingos e lúns descansa o equipo integrado por Charo, José, Lourdes, Tania, Perico e os seus fillos, Luismi, Jano e David. Cada mesa dispón nun cha-

mador para que acudan ás camareiras cun servizo rápido e eficiente tanto de bebidas como de cociña. A adega dispón de viños de tódolos denominacións de orixe galegas e outras nacionais. Ademais do servizo na ampla terraza, Perico fai comida para levar. Para pagar, en efectivo, ou con tarxeta. Pedro Fernández "Perico" tamén cociña no Arde Lucus (este ano do 19 ao 21 de xuño, en Lugo) para a III Cohors Lucensium, da que é membro, con algún asado enxebre e espectacular para que coman os lexionarios romanos. Eles dín que os fai extraordinarios.

